



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 1. Decembro de 2004. Distribución gratuita.

A cea organizada polos socialistas en Monterroso foi o escenario desta afirmación

José Blanco anunciou en público que a autovía vai pasar por Melide

O trazado inicial deberá ser modificado, e a desviación prevista a 12 quilómetros de Melide, eliminada. O secretario de organi-

zación do PSOE asegurou que o financiamento da nova autovía estaría incluído nos Orzamentos do Estado para 2006

Redacción
Melide

A afirmación de Blanco motivou a reunión da Plataforma "Autovía por Melide", constituída hai case dous anos para conseguir, precisamente, que a autovía Santiago-Lugo cambiara o seu trazado inicial e non evitara o paso pola vila.

Os membros desta plataforma, entre os que se encontran representantes de ASETEM, UXT e PSOE, amósanse "espectantes de noticias" e valoran a información dada por José Blanco, pero sosteñen tamén que a plataforma non se vai disolver "ata que non estea o último tramo de autovía feito".

Agora, desde a plataforma están a solicitar información sobre os pasos dados neste sentido aos organismos competentes; Concello, Medio Ambiente e Demarcación de Carreteras do Estado. Pendentes de resposta, convocarán unha xuntanza veciñal cando teñan novos datos.

Pax. 5



A atovía por Melide está agora máis cerca de ser unha realidade

O BNG espera resposta da alcaldía de Melide para formar parte do tribunal de oposicións

O grupo nacionalista de Melide emitiu un rogo ao equipo de goberno do Concello para que se lle permita, a algún membro da súa agrupación, formar parte, aínda que só sexa con voz e sen voto, do tribunal que xulgará os exames para

Pax. 6

Melide terá un punto limpo

A Consellería de Medio Ambiente está disposta a instalar un punto limpo na vila no momento en que o Concello decida o terreo adecuado para ubicalo, que terá que ter entre 3.500 e 4.000 metros cadrados.

Pax. 6

Fase de exposición do PXOM do Concello de Toques

O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) toquense recibiu a aprobación inicial do pleno da corporación e agora entra na fase de exposición ao público. Todos os veciños interesados poderán consultar o documento no Concello durante o prazo dun mes.


Pax. 13

O alcantarillado de Chorén segue agardando unha ubicación para a depuradora

O alcalde de Santiso, a oposición e uns 22 veciños reuníronse o pasado domingo día 5 para tentar buscar unha solución ao problema. Segundo Ramón Villar, só hai dous terreos apropiados para instalar a depuradora e os dous de propiedade privada. Se finalmente, tras un prazo de 15 días ofrecido polo alcalde, os donos deses terreos seguen negándose a vendelos ao Concello, a única saída vai ser a expropiación.

A oposición, sen embargo, cre que hai outras posibilidades e que deberían buscar outros terreos.

Pax. 12



MOBLES ARES



Na Terra de Melide

Os clientes: O noso aval

Editorial

E mentres buscamos terreo...comémonos o lixo

Para empezar, o máis ilóxico xa foi o feito de pechar o vertedoiro sen ter buscada unha alternativa para que o empresariado, e tamén a sociedade en xeral, puidera meter nalgún sitio o lixo que non se pode, ou non se debe, botar nos colectores comúns. Polo menos, así é como fixeron noutras vilas, nas que aínda non precintaron o seu vertedoiro porque non teñen decidido o que facer con eses residuos. Pola contra, mentres o tema non se soluciona, a única saída que teñen os donos das empresas da comarca é a de eliminar o que lles sobra de xeito ilegal, coas súas conseguintes consecuencias das que ningún se vai querer facer responsable.

A partir de aí, xa veñen un cúmulo de actuacións tamén ilóxicas e na mesma liña que a primeira.

Enviamos cartas ao Concello e á Consellería de Medio Ambiente explicando a necesidade e a urxencia que tiñamos os empresarios de contar cun punto limpo no que depositar os residuos. A resposta que tivemos por parte da Xunta remitíanos á institución municipal que, pola súa parte, tomounos por tontos e respondeunos con desculpas do tipo de "non hai metros suficientes no polígono para instalar este dispositivo".

Melide non é unha gran cidade como A Coruña ou Vigo, onde si poden ter

algún tipo de problema coa busca de terreo. Nesta comarca, miremos a onde miremos, vemos terra máis que de sobra para que, se politicamente están dispostos, poidan solucionar o problema de maneira inmediata.

Ademais, hai que ter en conta que o polígono ten uns 9.000 metros cadrados de propiedade municipal, de momento baleiros e que ben poderían valer para instalar o punto limpo, para o que só serían necesarios entre 3.500 e 4.000 metros. Por outra parte, o Concello tamén nos contestou, nun intento de librarse da súa responsabilidade, que faltaban algúns trámites por parte da Consellería de Medio Ambiente. Sen embargo, como xa quedou dito, esta consellería asegurounos que era o equipo municipal o que tiña que actuar, xa que, pola súa parte, estaba todo disposto. Engadiron tamén que o normal é que estas cousas vaian lentas e, en palabras textuais, que poden levar tanto tempo "como un parto", é dicir, entre oito e nove meses.

O problema é que os melidenses levamos xa máis dun ano esperando, xusto o tempo que hai que se pechou o vertedoiro municipal.

Agora, parece ser que o equipo de goberno anunciou nun pleno de novembro, en resposta a unha pregunta da oposición, que o

punto limpo vaise instalar, que a Consellería de Medio Ambiente ten os trámites feitos e as correspondentes licenzas concedidas, pero que falta buscar o terreo adecuado, para o cal, dixo a alcaldesa, hai que ampliar o polígono industrial.

¡Pois isto era o que nos faltaba!. Se agora que todo está listo e que o punto limpo pode instalarse xa, resulta que temos que agardar a que ao goberno se lle dea por ampliar o terreo do parque empresarial que, ademais, non sabemos cando vai ser, porque ninguén especificou unha data. É dicir, que probablemente, tal e como van as cousas, teremos que esperar un mínimo de dous anos para que se amplie o polígono e, despois, volver a falar do tema do punto limpo.

Desde aquí suxerimos que eses 9.000 metros de propiedade municipal se usen xa, como medida urxente, para instalar o dispositivo, e despois, se queren, que o cambien de sitio cando se faga a ampliación. Ou, se isto tampouco vale, pois que se busque outro sitio, ¿se o que sobra é terreo!

.Calquera cousa é boa antes de termos que agardar un só día máis por algo que é absolutamente necesario para todos e que, ademais, está perfectamente tramitado polos organismos competentes para que se instale xa.

Saúdo da directiva

Un novo melidense

Un nacemento sempre é un motivo de celebración entre os veciños. Todos nos alegrámos de que algo novo pase a formar parte das nosas vidas e se convirta nun elemento máis da nosa sociedade. *Cerne* acaba de nacer. Ve a luz por primeira vez con este número e a partir de agora terá que aprender. Aprender a ser un melidense máis, a comprender as súas inquiredanzas, os seus problemas e a súa forma de vida.

Este é o obxectivo de todos os que facemos o *Cerne*: convertilo nunha ferramenta útil para os veciños, nun órgano de comunicación entre eles e nun espazo exclusivo no que todos teñen voz.

Todas as novas creacións son a resposta a unha necesidade. Cando algo falta nun ambiente determinado, sempre xorde algo que resolve esa carencia. Así pasou cos grandes inventos da humanidade, desde a roda ao teléfono móbil que hai dúas décadas non era máis que ciencia ficción.

Para nós, esa foi a principal motivación para crear este xornal. A comarca de Melide ten moito que dicir e poucos medios para facelo. Un tecido social e económico propio e distinto do que a rodea, organismos capaces de crear un ambiente cultural e de servizos definido, actividades deportivas propias, etc.

O *Cerne* pretende ser o espello de todo isto, un testemuño escrito do día a día dos melidenses e, por

suposto, un medio de comunicación profesional da Terra de Melide.

Agardamos que os lectores deste número se sintan identificados co contido, que as noticias sexan do seu interese e que no dubiden en poñerse en contacto con nós se teñen algunha suxerencia, algunha queixa ou, sinxelamente, algo que queiran comunicar aos veciños por medio dun xornal como o *Cerne*. Unha publicación comarcal non tería sentido sen a participación dos habitantes desa comarca, sen a súa presenza. Non existe medio de comunicación comarcal se os veciños non o consideran seu, un instrumento propio que está á súa disposición para o que o necesiten. *Cerne* é para todos, non importa cales sexan os seus gustos, hábitos, ideas políticas ou relixión. Queremos que teña voz calquera persoa que teña algo que dicir, e sabemos que, en Melide, hai moita xente que ten moito que dicir.

Cerne nace hoxe coa esperanza de que, a partir de agora, todos os melidenses saiban que teñen unha lectura obrigada unha vez ao mes; a do xornal que fala de Melide desde Melide.

Os nosos medios son modestos, a nosa redacción é, cando menos, atípica, pero o que hai será suficiente se conseguimos ser útiles á comunidade á que nos diriximos.

Dámoslles as gracias por anticipado e agardamos que o que segue sexa do seu agrado. Felices Festas.

Cerne Terra de Melide

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Leticia Trillo González

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188

Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Concha Casares, Xosé Iglesias, Xan Pérez, Ángel Curtis, Mingos Fuciños, Gabinete de Prensa PP de Melide

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^o Pilar López

IMPRESIÓN: Artes Gráficas La Capital



Unha inauguración polémica

CONCHA CASARES. PSOE DE MELIDE.

O 18 de novembro inaugurouse o pavillón polivalente do IES de Melide, acto ao que acudiu o Sr. Fraga, o conselleiro de educación e o secretario xeral do mesmo departamento.

Ao parecer, algúns rapaces do centro proferiron insultos e ofensas graves ao Presidente da Xunta.

Hai quen dí que o acontecido foi unha maneira de que o actual mandatario perciba o descontento da xente, especialmente da nova, e o rexeitamento á súa persoa, ao partido ao que pertence e á súa política.

Outros, que foi unha tremenda falta de respecto cara un representante que foi elixido democraticamente, unha demostración de intolerancia e de falta de

educación, e máis, se cabe, estando nun centro de ensino.

Algúns opinan que no Instituto de Melide, predomina unha determinada ideoloxía política que incide no alumnado, e que fai que todo o que non lle sexa afín deba resultar rexeitado de plano. Quen me fixo este comentario engadiu ao mesmo o dito "sembrar ventos e recolle tempestades".

A dirección do IES de Melide dirixiu unha carta aberta á comunidade escolar na que presentaba a súa dimisión, porque non quería transmitir nin o máis mínimo respaldo ás actitudes presenciadas, co desexo de que esta decisión provocase a reflexión indi-

vidual e colectiva.

Coincido con esta dirección en que estes feitos nos teñen que facer reflexionar a todos, e máis aos que temos responsabilidades educativas.

Sería necesario que, de cando en vez, se organizaran conferencias, coloquios, debates ou similares para os rapaces e público en xeral, con distintos políticos e expertos sobre temas como o funcionamento das institucións, a democracia, as liberdades, os dereitos e obrigas dos cidadáns, etc.

Sería un xeito, entre outros, de empezarmos a cumprir o principio que preside o pavillón inaugurado:

"Educar para elixir, elixir para ser libres".

13 anos de goberno do PP

GABINETE DE PRENSA. PARTIDO POPULAR

O Concello de Melide leva trece anos gobernado maioritariamente polo partido popular, trece anos onde o obxectivo que se perseguíu e persegue é o de loitar xuntos polo benestar dunha vila que día a día medra en prestixio, en benestar social e en calidade de vida.

Os orzamentos do ano 91, cando empezou o partido a gobernar, foron de 279 millóns das antigas pesetas, hoxe en día ascende a 5.671.000 euros (940 millóns de pesetas), o aumento do presuposto supón unha inversión importante no Concello que contribúe día a día á creación e mantemento de importantes infraestructuras.

Melide conta con tres colexios de educación primaria, un novo instituto de educación secundaria e formación profesional, unha escola obradoiro, un novo pavillón de deportes no IES, un edificio multiusos, unha piscina climatizada, un conservatorio de música de grao medio, un aula de informática, multitude de cursos e escolas deportivas. Todo isto significa unha maior posibilidade de educación, de diversión e de cultura para os nosos nenos e xóvenes sobre todo. As vivendas comunitarias e a nova residencia de anciáns serán un dos logros cara a terceira idade máis importantes e que contribúen a que os nosos maiores non estean solos e teñan unha vida mellor acompañados e atendidos debidamente.

A traída de augas, o polígono industrial que neste

momento necesita unha nova ampliación, as vivendas de protección oficial, as concentracións parcelarias ou o selado do vertedoiro municipal realizadas é un punto máis que nos demostra a evolución positiva de Melide en todos estes anos.

Pero aínda que é moito o feito, queda moito por facer, feitos e obras que tomamos con moita ilusión e moitas gañas de loitar e sacar adiante. Un novo saneamento integral tan necesario para a vila, a construción dun punto limpo en Melide para o verquido de residuos sólidos, unha nova ampliación do polígono industrial, novas vivendas de protección oficial, o remate do centro sociocultural e a residencia, unha nova depuradora, un velorio municipal, ou novas concentracións parcelarias nas aldeas que o soliciten son algúns dos proxectos que a nova alcaldesa ten en marcha neste momento.

Ánxeles Vázquez Mejuto, a alcaldesa de Melide, leva menos dun ano gobernando, pero neste momento ten proxectos para Melide, abertos en tódalas Consellerías e na deputación provincial entrevistouse con cada un dos Conselleiros e recibe cada día a tódolos veciños que queren compartir as súas inxedanzas día a día con ela.

É unha muller nova con moitas gañas de traballar por Melide e de sacar adiante un Melide cada vez mellor e con máis posibilidades para todos.

Radio Melide=Radio PP

XOSÉ IGLESIAS. BNG DE MELIDE.

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Melide quere denunciar o uso exclusivo e partidista de Radio Melide por parte do PP dende o ano 1995.

Entendemos que toda emisora municipal debe garantir unha información obxectiva e plural, así como a participación de calquera forza política, asociación social, cultural, económica ou persoas individuais do concello. Cremos que os eixos da súa programación deberían ser a liberdade de expresión, a igualdade de oportunidades e o pluralismo informativo, garantindo a veracidade e imparcialidade das informacións. Pois ben, nesta emisora non se está a cumprir nada do anterior, nada.

O pobo de Melide ten que

saber o que fai o PP coa emisora municipal:

1-O PP de Melide concibe a Radio Municipal como un instrumento de propaganda.
2-Non hai cabida para os grupos políticos da oposición. O BNG considera unha inxustiza e discriminación o feito de que, a día de hoxe, nunca saíse a nosa voz nin a nosa opinión pola radio.

3-Nunca se entrevistou nin convidou aos concelleiros/as do BNG a participar en ningún debate radiofónico e tampouco se len os nosos comunicados de prensa nas noticias.

4-Non se emiten pola radio os plenos nin información sobre as mocións ou rogos presentados polos grupos da oposición.

5-No ano 2004 segue sen

estar constituído o Consello de Emisión nin o de Dirección ou Administración da emisora, que pedimos desde o ano 1996.

Chegados a este punto, pensamos que xa é hora de adoptar as medidas precisas para tentar mudar esta situación. O BNG fará todo o posible para rematar con esta situación que xa resulta insultante para os concelleiros/as do BNG e para o pobo en xeral, pois estamos representando a unha importante parte dos melidenses e estase a vulnerar de xeito flagrante, unha e outra vez por parte do equipo de Goberno, o noso dereito á liberdade de expresión nun medio público, un medio municipal e, polo tanto, de todo e para todo o pobo.

Adolfo Alvarez
Confecções

Felicita a la Asociación de Empresarios ASETEM por esta nueva iniciativa. Ánimo y adelante.

net informático

VENTA DE ORDENADORES
SERVICIO TÉCNICO PROPIO
PROGRAMAS PARA EMPRESAS
REDES
CURSOS DE INFORMÁTICA

SAFAEL RODRÍGUEZ GAIOSO
Servicio: Especialista en informática
Tel: 430 86 63 06
rafar@netmelide.com

net informático

VENTA DE ORDENADORES
SERVICIO TÉCNICO PROPIO
PROGRAMAS PARA EMPRESAS
REDES
CURSOS DE INFORMÁTICA

net informático

VENTA DE ORDENADORES
SERVICIO TÉCNICO PROPIO
PROGRAMAS PARA EMPRESAS
REDES
CURSOS DE INFORMÁTICA

centro comercial **ares** FERRERERÍAS
Ronda da Coruña, 33 - 15800 Melide (A Coruña)
Tfno: 981505053

Un reto hacia el futuro.

Gracias por vuestra confianza.

Calefacción.

Rointe

El calor de su Hogar
Todos los sistemas para solucionar la calefacción Individual

As obras con orzamento da deputación faránse todas no rural

O Pleno do Concello de Melide aprobou por unanimidade as obras a realizar dentro do Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación Provincial. Algo máis de 311.000 euros cos que se mellorarán as vías das parroquias da zona rural do concello.

Redacción
Melide

As estradas e pistas que comunican as zonas rurales de Melide sufrirán obras en breve. A partida orzamentaria do POS da Deputación, máis de 311.000 euros, destinaráse a este acometido na súa práctica totalidade. O Pleno do Concello do pasado día 26 de novembro aprobábo por unanimidade, pero non sen réplica. Tanto o voceiro do PSOE, Manuel Prado, como a do BNG, Soqui Cea, increparon ao equipo de goberno por no ter reunido á xunta de voceiros antes de decidir as obras ás que se ían destinar os cartos. O socialista apelou á falta de talante da alcaldesa e, a nacionalista, afirmou que “o diálogo entre o goberno e a oposición non existe”. Soqui Cea desta-



O rural de Melide vai ter novas vías de comunicación

cou ademais o feito de que, ningunha das dez obras propostas polo seu grupo e presentadas na alcaldía foran recollidas na proposta final.

Pola súa parte, a alcaldesa Ánxeles Vázquez, xustificou a non convocatoria da

oposición porque “a alcaldía está obrigada a facer todas estas obras no rural”. Segundo a rexidora, son as actuacións máis urxentes neste momento, aínda que non rexeita as propostas polo BNG para máis adiante.

Moción polémica ao Plan Galicia

O BNG quere incluír nela ó goberno galego

Redacción
Melide

O grupo do PP de Melide presentou no Pleno unha moción para que o goberno central cumpra os compromisos adquiridos coa comunidade a través do Plan Galicia, imitando así aos demais grupos populares do país.

O grupo do BNG estaba disposto a votar a favor da moción se aceptaban unha emenda pola cal, apelábase ao goberno da Xunta a que tamén cumprise os seus compromisos derivados da catástrofe do Prestige e estipulados no Plan de Dinamización Económica. Segundo o BNG, o orzamento inicial que ía destinar a Xunta a estes efectos era duns tres mil millóns de euros e agora xa falan duns mil millóns.

A alcaldesa puxo como condición para aceptar esa emenda que se incluíse, á súa vez, outra. Neste caso quería que se instara á Deputación Provincial a que cumprira o seu com-

promiso coa mellora da estrada Melide-Rivadulla.

A voceira do BNG considerou que este tema non tiña relación co que estaban a tratar, referido á catástrofe do Prestige e ás súas consecuencias e que, polo tanto, no se debiera de incluír na moción ao Plan Galicia. Sen embargo, observou que se podería presentar outra moción noutro pleno referida á estrada Melide-Rivadulla e que, nese caso, o BNG podería votar a favor.

Porén, a alcaldesa de Melide decidiu non aceptar a emenda do BNG referida ao goberno galego e, polo tanto, a moción presentada polo PP aprobouse só cos votos do equipo de goberno.

Pola súa banda, a voceira nacionalista considerou a resposta da alcaldesa “un disparate” e instouna a que se informara mellor sobre o tema das estradas comarcais, xa que, afirmou, foi o goberno anterior o que as prometeu sen lles asignar partidas económicas.

Detido un veciño de Melide por posesión de haxix

Unha patrulla da Garda Civil adscrita ao posto de Boimorto detivo a un home de 26 anos e veciño de Melide por levar escondidas 280 doses de haxix no interior da carátula do radiocasete do coche. Os feitos sucedían na madrugada do pasado día 7 de decembro, en plena ponte da constitución.

Os axentes atoparon tamén no vehículo 110 euros en metálico e unha navalla.

A Garda Civil puxo ao individuo a disposición do xulgado de Arzúa acusado dun delito contra a saúde pública.

Continúan os problemas co subministro eléctrico e coa iluminación do polígono

Hai xa máis dun mes que os diferenciais eléctricos do parque empresarial están precintados pola empresa Fenosa, que subministra o servizo. Polo tanto, non hai ningún tipo de alumeadado público que substitúa a luz solar nas horas nocturnas.

A Asociación de Empresarios Terra de Melide ten recibido queixas de varios socios que teñen as súas empresas no polígono debido á inexistencia de cableado de baixa tensión no que se poidan facer as debidas conexións para as instalacións eléctricas e de comunicacións. Por iso, a patronal enviou queixas

ao Concello e tamén á empresa encargada do parque empresarial, Xestur Coruña, con quen mantiveron unha reunión sen moitos froitos.

Agora é o PSOE de Melide quen denuncia a situación ante o goberno municipal, ao que pedirá explicacións no próximo pleno ordinario e do que demandará unha resposta inmediata para resolver esta situación canto antes, xa que, neste período do ano no que a luz solar non acompaña toda a xornada laboral, as empresas véñense bastante perxudicadas.

Ademais, os socialistas

tamén solicitarán do Concello que abra unha investigación dos posibles casos de empresas particulares asentadas en el parque empresarial que poideran terse servido do subministro público para consumo propio, xa que os edís do PSOE detectaron varias manguerías aéreas conectadas aos contadores do alumeadado, nos que se observa “un desfase no consumo, ao presentar un deles unha lectura dobre á do outro”, segundo explicaba o voceiro socialista Manuel Prado. Para el, os feitos evidencian a “falta de control e vixilancia” do Concello.

O Padroado de Cultura e Deportes pasa a xestión municipal

O organismo autónomo que xestionaba os actos culturais e deportivos de Melide desde 1999 disólvese, e as actividades pasan a ser xestionadas polo departamento de cultura e deportes do Concello. Esta decisión foi aprobada por unanimidade no pleno do pasado día 26. Pola súa parte, a nova encargada da xestión, a concelleira M^a Jesús López, asegurou que “seguiremos apoiando a cultura y el deporte”. Anunciou tamén reunións mensuais coas asociacións.



LIBRERÍA PAPELERÍA
COUSAS

- PRENSA E REVISTAS
- MATERIAL ESCOLAR
- OFICINA
- INFORMÁTICA
- ENCUADERNACIONES
- FOTOCOPIAS
- PLASTIFICADOS
- FAX
- LIBROS DE TEXTO

Avda. da Habana, 29
Tel. e fax: 981 50 57 75
MELIDE (A Coruña)

SITO
MIL IDEAS EN ESCAYOLA

ISOVER
Soluciones en aislamiento

KNAUF
Soluciones de Interior

Ronda de Pontevedra, 75
981 505 951 - 650 78 063
MELIDE A Coruña

Díxoo o pasado 26 de novembro nunha cea socialista en Monterroso

José Blanco asegura que a autovía vai pasar por Melide

Redacción
Melide

O secretario de organización do PSOE, José Blanco, fixo a primeira afirmación contundente de que a autovía Santiago-Lugo vai pasar pola vila de Melide e, polo tanto, non se vai desviar a doce quilómetros polo término municipal de Santiso como estaba previsto no trazado inicial.

O socialista asegurou tamén que os Orzamentos do Estado para 2006 contemplarán definitivamente a financiación para a licitación da autovía.

Estas sentenzas tan esperadas por moitos veciños da vila, fíxoas rodeado dunhas cincocentas persoas que acudiron á cea organizada polos socialistas en Monterroso.

Representantes do PSOE de Friol, Lugo, Guntín, Palas de Rei, Antas de Ulla,



A financiación incluírse nos orzamentos para 2006

Melide e Carballedo, ademais do sudelegado de goberno en Lugo, Jesús Otero, o secretario de organización do PSdeG, Ricardo Varela, e o director xeral de emigración, José Ramón Copa, foron testemuñas da afirmación de Blanco, tan trascendente para a comarca de Melide despois de varios anos de reivinci-

cación.

A Plataforma "Atovía por Melide" constituída en marzo de 2003, reuniuse tras coñecer esta noticia. Os seus membros declararon para este xornal que valoran a información dada por José Blanco, pero que "o que queremos son feitos, que o cambio se efectúe". "Estamos espectantes de novas noticias pero a plataforma non se dissolve ata que non estea o último metro de atovía feito".

Trala reunión do pasado día 30 de novembro, a plataforma enviou cartas á consellería de medio ambiente, á demarcación de carreteras e ao Concello de Melide solicitando a información que teñan sobre o tema. Cando reciban resposta dalgunha destas institucións, a plataforma vai convocar unha reunión veciñal para informar aos asistentes de cómo se atopa a situación neste momento.



Blanco fixo pública por primeira vez esta decisión

Ano e medio cunha loita que continúa

Redacción
Melide

Ante as decalracións do entón alcalde da vila Miguel Pampín, que afirmaba que a autovía por Melide non era baneficiosa para os veciños, ASETEM e outras organizacións que non estaban dacordo coa opinión do rexedor, crearon a Plataforma "Atopista por Melide" en marzo de 2003. Aínda que con trabas e problemas de todo tipo, escisións dalgunhas organizacións e outros avatares, a plataforma mobilizouse e mobilizou tamén a unha gran parte da veciñanza da Terra de Melide para que, desde o Ministerio de Fomento, cambiasen o trazado da autovía e a achegasen á vila, xa que consideraban que a vertebración do territorio, obxectivo básico dunha vía de comunicación, non era completa se se excluía a Melide e, por suposto, consideraban tamén que a autovía si beneficiaría aos melidenses. Un claro exemplo é o polígono industrial, que incrementaría notablemente o seu potencial se estivese comunicado mediante unha autovía.

Cartas a todos os organismos competentes, manifestacións apoiadas por centos de veciños, conversas, reunións, etc, etc, foron o día a día dos membros desta plataforma durante algún tempo.

Agora, tralo cambio de goberno en Madrid, e dadas as promesas feitas polo deputado socialista Ceferino Díaz e doutros membros do PSOE na campaña electoral, a plataforma quere dar unha marxe de confianza ao novo executivo e, por iso, non están a organizar actos reivindicativos.

Mais ao coñecer (con satisfacción) as declaracións que José Blanco fixo en Monterroso, nunha cea na que estaba presente un dos membros da plataforma, esta volveu a reunirse para solicitar dos organismos competentes, información sobre os últimos pasos dados neste sentido. Cando reciban resposta, todos os veciños interesados serán convocados a unha reunión informativa da que daremos conta neste xornal en números posteriores.

A plataforma desautoriza as palabras de Miguel Pampín

Redacción
Melide

O ex-alcalde de Melide e senador Miguel Pampín declaraba estes días en varios medios de comunicación a súa intención de lavar ao Senado diversas preguntas sobre a o trazado e os prazos de execución da autovía Lugo-Santiago.

A plataforma quere "recordar a Pampín que, sendo alcalde de Melide, foi inimigo público número un en contra de que o trazado da autovía discorrese por esta vila". Ademais, solita do senador que "se alonxe das posibles xestións pois desde este colectivo entendemos que o único que

pode facer é entorpecelas". Para a Plataforma "Atovía por Melide", Miguel Pampín " intenta xogar co problema do pobo de Melide para os seus fins políticos e partidistas, importándolle moi pouco a solución do problema como ata agora ten demostrado". O colectivo considera que, nestes momentos, o problema está encauzado e están pendentes das xestións de impacto ambiental do Ministerio de Medio Ambiente. Polo tanto, cren que as declaracións de Pampín son só un "intento de limpar a súa imaxe".

MUXICA
TENDA XOVEN

MUSICA
ARTESANIA
MODA XOVEN
COMPLEMENTOS

Rúa de San Pedro 5 - Rúa Principal 7 - MELIDE (B Galla) 911 19 83 66

Gallego e hijos, s.l.

Central: L.G. Laberco, s/n
15810 Arzúa (A Coruña)
Tfno: 981 50 04 29
Fax: 981 50 06 74

-Arzúa
-Melide
-Curtis
-Teixeiro
-Boimorto
-Guitiriz

A suba deciduse nun pleno extraordinario o pasado 12 de novembro As taxas municipais van subir en 2005

O equipo de goberno de Melide aprobou en solitario unha subida equivalente á do IPC para algúns servizos municipais. O cemiterio, a piscina, a escola infantil, e o conservatorio son algunhas das prestacións que incrementán o seu prezo.

Redacción
Melide

Moitos dos servizos municipais serán máis caros o ano que vén. Incrementarán o seu prezo na mesma cantidade que o IPC anual a taxa do cemiterio municipal, a publicidade da radio local, a expedición de licencias de apertura de establecementos, os dereitos de exame, a piscina climatizada e a escola infantil. Ademais, no caso de esta, cobrarase aparte o servizo de comidas.

O conservatorio de música e complexo residencial para maiores tamén incrementarán as súas taxas, pero en ámbolos dous casos por debaixo da suba do IPC.

O pleno extraordinario de aprobación destas novas taxas convocouse para o día 12 de novembro con



Fachada do Concello de Melide

carácter urxente, sen que, segundo a oposición, houbera tempo para revisar os datos. De feito, a aprobación fíxose efectiva só cos votos do Partido Popular.

Desde o BNG propoñen que os prezos da escola infantil varíen segundo o número de nenos dunha mesma familia matricula-

dos, de tal xeito que, o segundo neno teña un 10% de bonificación e que, as familias numerosas estean exentas de pagar.

No caso do centro para maiores, o BNG melidense propón que se lles aplique un desconto aos que cobren unha pensión mínima non contributiva, e dicir, uns 276,30 Euros ao mes.

Medio Ambiente vai instalar un punto limpo provisional

Só falta decidir a súa ubicación no polígono

Redacción
Melide

O Concello de Melide anunciou, no último pleno ordinario, que a consellería de Medio Ambiente está disposta a instalar un punto limpo en Melide unha vez que a administración local busque os terreos adecuados. Segundo a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, a actuación require ampliar o polígono industrial, xa que, para ubicar o dispositivo é necesaria unha parcela de entre 3.500 e 4.000 metros cadrados.

Tanto desde a oposición no concello como desde a asociación de empresarios ASETEM, tiñan reivindicado esta actuación con anterioridade. A patronal melidense incluso enviou unha carta ao Concello, da que non recibiu resposta, e outra á propia consellería de Medio Ambiente, no pasado mes de outubro,

que tampouco tivo contestación. Nela explicaban que, desde que quedara pechado o antigo vertedoiro municipal sen antes ter previsto o que se ía facer cos residuos industriais, a comarca vén precisando un punto limpo para depositar o lixo industrial que se xenera diariamente. Demandaban do conselleiro Xosé Manuel Barreiro información relativa ás xestións tramitadas ante a consellería a respecto do tema, así como o tempo que tardarían en dar solución ao problema.

Aínda que a resposta por escrito non chegou, o equipo de goberno municipal si contestou ás preguntas ao respecto que lle fixeron os edís da oposición. Ao parecer, o punto limpo para a comarca non tardará en instalarse na vila, co cal, veránse solucionados os problemas das empresas cos residuos industriais.

Papa Noel recollerá xoguetes no Centro Social

Desde agora e ata que chegue o día no que Papa Noel faga o reparto anual de regalos, os veciños que queiran poden donar xoguetes en bó estado para os nenos das familias máis necesitadas de Melide.

Este é o terceiro ano que se leva adiante esta campaña con éxito, o mesmo que agardamos teña nesta ocasión.

Papa Noel vai recoller os xoguetes no Centro Social, polo tanto poden deixalos alí para que el os poida cargar no seu trineo.

O BNG de Melide solicita formar parte do tribunal de oposicións para cinco novas prazas

O Concello fixo pública recentemente a convocatoria de cinco novas prazas de funcionariado municipal, unha de tesoureiro, outra de administrativo e tres para persoal laboral fixo (encargado do multiusos, xardiñeiro e encargado de obras).

Aínda que as bases das oposicións e as datas dos exames non foron aínda publicadas no Boletín Oficial da Provincia e, polo tanto, aínda faltan uns meses para que se tomen as decisións pertinentes, o


grupo do BNG de Melide remitiu por escrito un rogo ao equipo de goberno no que solicita formar parte do tribunal que vai xulgar as probas. O motivo desta petición é o de "garantir a transparencia e igualdade de oportunidades de todos os que se presentan" e, desde a agrupación nacionalista agardan que non se repita o acontecido na convocatoria de 2003, na que o PP rexeitou a presenza do BNG no tribunal. Este tema vai ser tratado no próximo pleno ordinario.

Novo modelo de urxencias non hospitalarias

O punto de atención continuada de Melide é un dos pioneiros en Galicia na aplicación do novo modelo de urxencias que non requiran a chegada a un hospital. Trátase duha actuación, pactada polo Sergas e as centrais sindicais, que viñan reivindicando desde hai catro anos os médicos que realizan substitucións. Os usuarios non van notar ningún cambio porque as condicións de horario, plantel, organizativas e de atención á demanda de problemas de saúde

son as mesmas. Pero si afecta aos profesionais que atienden este centro, sobre todo aos que non teñen praza fixa, porque agora teñen garantida unha maior estabilidade, unha mellora do contrato e un aumento considerable do salario.

Este novo modelo entrou en vigor a mediados de novembro. En Arzúa xa se realizou a solicitude para aplicalo e, en Santiago, o novo servizo que se vai instalar fronte ás urxencias do Hospital Clínico, tamén se rexerá por este sistema.



**Construcciones
Pambre S.L.**

Especialidad en
Rehabilitación

C/ José Ramón
Fernández Castro s/
Melide (A Coruña)
Tfno: 670 07 07 90



¿Que é un punto limpo?

Trátase dun paso máis na recollida selectiva. Se xa estamos acostumados a separar o lixo na casa, non será difícil acostumarlos a levar ata un punto limpo os residuos perigosos ou de moito volume para os que non existe un colector específico na vía pública. Os produtos domésticos perigosos como pinturas que sobran dunha obra, ou voluminosos como unhas ventás rotas, non podemos tiralos ao lixo normal. O seu destino ideal son os chamados puntos limpos. A súa utilización é de balde para os usuarios particulares, aínda que teñen que levar o seu lixo no seu propio medio de transporte. Unha vez alí, cada tipo de residuo depositase no seu colector correspondente.

O residuos perigosos

Os responsables dos puntos limpos, que normalmente son os concellos ou empre-

sas especializadas contratadas por eles, contactan cun xestor autorizado que se encargue de levarlos a unha planta de tratamento específico.

OS ACEITES DE COCIÑA
Mestúranse con auga e sosa para fabricar xabóns; fanse candeas, pinturas, pensos, lubricantes industriais e biocombustible.

AS PILAS

Das pilas botón recupérase o mercurio. As normais tritúranse e obtéñense dúas cousas: a parte metálica e a salina, da que se poden recuperar sulfato de zinc e sales de manganeso.

OS FLUORESCENTES

Rómpeuse o baleiro para separar os seus compoñentes. Despois, desencapsúlase e límpase o interior de pó e mercurio. O vidro tritúrase e envíase á industria vidriera para a reciclaxe, e da parte restante recupérase o mer-

curio.

Os residuos non perigosos

Os cascallos van a vertedoiros de inertes.

Os restos de poda e xardinería lévanse a plantas de compostaxe.

As ferrallas e madeiras, a plantas específicas de reciclaxe.

Os colchóns, xoguetes e outros asimilables a residuos sólidos urbanos, lévanse a vertedoiros ou icinéransen.

As vantaxes

Ata o de agora, o máis común é que os aceites, aerosoles, cintas de vídeo e outros residuos domésticos que diariamente se xeneran nunha casa vaian parar á bolsa do lixo e esta, á súa vez, ao vertedoiro. Deste xeito, os residuos evacuáanse sen control, co perigo para o medio ambiente e para a saúde que isto supón. O punto limpo é un paso máis no respecto ao planeta Terra.

¿Que levamos a un punto limpo?

En principio, todo residuo que teña carácter perigoso ou un volume tan grande que impida depositalo nun colector, debe levarse a un punto limpo.

Cada comunidade autónoma, ou incluso cada instalación, fai a súa particular interpretación do concepto de perigosidade pero, de xeito orientativo, amosámoslles a lista de produtos máis comúns que poden levar a un punto limpo:

- Pinturas, vernices, colas, decapantes, augarrás sintético, tintes, protectores de madeira
- Pilas e acumuladores
- Baterías de vehículos
- Aceites de cociña e de motor
- Lámpadas fluorescentes ou especiais (halóxenos)
- Produtos químicos e envases que contiveran pro-

ductos perigosos como pesticidas, desinfectantes, produtos de limpeza

-Aerosoles

-Medicamentos

-Mobles e enseres


-Roupa, calzado, trapos, téxtiles de decoración

-Electrodomésticos, material electrónico (computadores, videocámaras, cintas de vídeo ou casete, CD, teléfonos)

-Cartóns, papel, madeiras e obxectos plásticos

-Cascallos e ferrallas metálicas que poden xerarse tras pequenas reformas domésticas (material de fontanería, cableado eléctrico, portas ventás, somieres)

-Outros (non sempre admitidos): restos de poda e xardinería, cosméticos, produtos de fotografía, radiografías, termómetros, etc.



O director do IES di que vai seguir “ao pé do cañón”

O día da inauguración do novo pavillón do instituto, tralos altercados ocorridos cos alumnos, o director Xabier Garabal puxo o seu cargo a disposición do delegado de educación. Non recibiu resposta e, co apoio dos compañeiros, decide continuar.

Redacción
Melide

O pasado xoves 19 de novembro, o pavillón do instituto inaugurábase coa presenza de varias autoridades: o presidente da Xunta Manuel Fraga, o conselleiro de Educación Celso Currás, o secretario xeral Néstor Valcárcel, a alcaldesa de Melide Ángeles Vázquez e o ex-alcaldede Miguel Pampín, ademais de outros concelleiros do PP e da oposición.

Mentres o acto tiña lugar, os alumnos estaban en horario lectivo, é dicir, que deberan estar nas aulas recibindo as clases correspondentes.

Sen embargo, un grupo bastante numeroso de alumnos acompañados de algúns profesores non consideraron xusto, segundo declaracións a este xornal, que a inauguración dun pavillón para eles se convertera nun acto político e que os interesados non puideran estar presentes.

Por iso, tomaron a decisión



O novo polideportivo tivo unha inauguración polémica

de saltar as clases e presentarse no exterior do pavillón a cantar consignas contra o presidente da Xunta.

Segundo confirmou a este xornal o director do instituto, o secretario xeral ameazouno públicamente dicíndolle que se aterían ás consecuencias, e este foi o motivo polo cal, Xabier Garabal decidiu presentar a súa dimisión. “Non me quero facer responsable”, dixo, “da actuación deste grupo de persoas que

obron por criterio propio”.

Sen embargo, desde aquel día o director non volveu ter noticias da consellería. O que si ten diariamente, segundo afirma, é o respaldo dos seus compañeiros e tamén dos alumnos. Por isto, Xabier Garabal tomou a decisión de seguir adiante como director se non recibe resposta da Consellería. “Seguirei ao pé do cañón” foron as súas palabras textuais.

As palabras das autoridades

O presidente da Xunta

A pesar das increpacias, o acto de inauguración do pavillón transcorreu con total normalidade.

No seu discurso, o presidente Fraga asegurou que a materialización das novas instalacións fora posible, sobre todo, grazas ao “bo entendemento” e ao “mútuo apoio” entre a Consellería de Educación e o goberno municipal de Melide. De feito, o financiamento foi compartido: 345.575 euros da Xunta de Galicia e 162.273 euros do Concello. Ademais, Fraga aproveitou a ocasión para destacar a “extraordinaria” cooperación do Concello de Melide para moitos asuntos e, en concreto, para a

construción do novo polideportivo. Dixo que era “de agradecer” á alcaldesa e ao seu antecesor no cargo Miguel Pampín, tamén presente no acto de inauguración.

A alcaldesa

Na súa quenda, Ángeles Vázquez agradeceu a “boa dispoñibilidade” da Xunta de Galicia para colaborar con Melide na dotación de infraestruturas deportivas e educativas, “se ben sabemos que aínda hai cousas por facer, nos últimos anos déronse pasos de xigante”, dixo.

Ademais, a rexedora non quixo perder a ocasión para solicitar apoio económico da Xunta para novos proxectos. “Na presente legis-

latura gustaríanos inaugurar tamén un campo de fútbol para o que, desde hoxe, intentaremos acadar os recursos necesarios”, afirmou Ángeles Vázquez. Tamén dixo estar convencida de que a xuventude de Melide “fará un bo uso e saberá sacarlle todo o rendemento posible” ao pavillón.

O director do IES

Xabier Garabal tamén tivo ocasión de pronunciar un discurso. Nel destacou a utilidade que ía ter o novo polideportivo e asumiu, en nome da comunidade educativa, a responsabilidade de “encher de contidos este pavillón polivalente facendo así rendible o investimento realizado”.

Lotería por partida dobre nos comercios de Melide

6.000 euros en premios para os clientes

Redacción
Melide

A campaña *O teu centro comercial está en Melide* volve este ano, por sétima vez consecutiva, a 57 establecementos comerciais da vila, un máis que no Nadal pasado.

Baixo o lema *Mercado en Melide gañará*, que podemos ver estes días en carteis colgados polas rúas e en folletos informativos, a Fundación Terra de Melide organiza un ano máis esta campaña coa intención de incentivar o consumo dos melidenses dentro da vila, sobre todo, na época de Nadal.

Ata o próximo día 10 de xaneiro, toda persoa que faga unha compra nun dos establecementos participantes recibirá un boleto numerado que entrará no sorteo dos 6.000 euros destinados aos premios. Estes repartiránse entre un primeiro premio de 3.000 euros, un segundo de 1.500 e un terceiro de 500 euros. Pero ademais, todos os boletos restantes entrarán nun segundo sorteo de dez cheques-regalo por valor de 100 euros cada un que se poderán trocar en calquera dos establecementos que forman parte da campaña. Con esta cantidade, os comerciantes adxuntos baten o récord de premios da historia da campaña.

Segundo información da Fundación Comarcal, este ano esperan repartir entre os consumidores máis de

48.000 boletos, cifra do ano pasado, xa que, edición tras edición, o número de establecementos vai medrando, aínda que paseniñamente.

A xerente da Fundación Terra de Melide, Dolores Rodríguez, considera que a campaña está funcionando moi ben, xa que, despois de sete anos, está consolidada como referente entre os consumidores e converteuse xa nunha “tradicón máis” das festas de Nadal.

O número de participantes na promoción é estable e por iso, desde a Fundación Comarcal sítense satisfeitos, xa que, en palabras da xerente “manter unha campaña despois de sete anos tampouco é fácil”, sobre todo se temos en conta que son os propios establecementos adxuntos os que sustentan a campaña coas súas achegas económicas.

O Concello de Melide colabora coa iniciativa asumindo os gastos derivados da promoción publicitaria da campaña (carteis en rúas do casco urbano e da zona rural de Melide, folletos, etc). Ademais, segundo anuncian reponsables da Fundación Terra de Melide, a campaña publicitaria podería reforzarse nos días previos ás datas festivas do Nadal.

Así, o comercio da vila súmase ao de outros pequenos núcleos urbanos, que queren incentivar o seu consumo nestas datas.



Panadería TAHONA

Especialidade en:
Empanadas, Ricos e Melindres.

Manuel Sánchez Varela

Tfnos.: 981 50 51 27
619 86 47 30

Avda. Habana, 7
15800 MELIDE (A Coruña)

Sport Moda e o Colexio nº dous foron os elixidos polos atracadores

Dous atracos nunha semana no centro de Melide

Redacción
Melide

A tenda de deportes Sport Moda, situada na Avenida de Lugo e rodeada de edificios habitados, sufría o primeiro dos atracos na madrugada do pasado mércores 17 de novembro. Os asaltantes forzaron a reixa metálica e romperon a porta de vidro. O establecemento tiña unha alarma activada que soou, pero, aínda así, ningún veciño escoitou nada.

O primeiro obxectivo ao que se dirixiron os ladróns foi a caixa rexistradora, pero non atoparon cartos dentro dela. Polo tanto, decidiron levar algunhas pezas de roupa e outro material deportivo. Despois dun mes, a garda civil de Melide e tamén a de Santiago, seguen investigando o caso pero, de momento, os ladróns non foron identificados.



Os veciños da tenda non escoitaron ningún ruído

Xusto unha semana despois, na madrugada do martes 23, o punto elixido polos amigos do alleo foi o colexio público número 2 da vila, na rúa Martagona. Os ladróns accederon ao edificio pola parte traseira, forzaron a pechadura da porta da secretaría e derribaron a do departamento de dirección, que tiña reforzos

de seguridade. Ademais, cortaron a liña telefónica pensando que podería soar unha alarma, aínda que, neste caso, non existía.

O seu botín, neste caso, foi o material informático. Levaron tres unidades de CPU, tres teclados, dúas impresoras, unha cámara de fotos dixital e 500 euros en efectivo. Ademais, os equipos roubados eran os máis novos cos que contaba o centro. Os máis vellos non pareceron interesar aos cacos, xa que os deixaron onde estaban.

Aínda que a proximidade temporal dos dous atracos pode dar lugar a pensar que os autores son os mesmos, a garda civil non ten indicios que apoién esta hipótese.

De momento, ámbalas dúas investigacións continúan nas mans da garda civil sen que se fixera pública ningunha averiguación da posible identidade dos atracadores.



Do Nº 2 levaron o material informático máis actual

Demanda contra os edís do PP que recolleron o lixo durante a folga de Celta Prix

Redacción
Melide

Tras 18 días de folga nos que os traballadores de Celta Prix negáronse a recoller o lixo das rúas de Melide e doutras vilas galegas en aras de acadar un aumento de soldo, a empresa cedía a unha negociación mediada por UXT e coa que chegaban a un acordo: a firma dun novo convenio colectivo que dispón un incremento medio do soldo mensual de 100 eruos, co que os traballadores pasarán a cobrar un salario bruto de 869,87 eruos, que inclúe a prorrata correspondente ao cobro de dúas pagas e media extraordinarias por ano.

Mais a cousa non quedaba aí, xa que catro edís do goberno municipal melidense, na noite do 25 ao 26 de novembro, decidiron converterse en barrendeiros por un día e recoller, eles mesmos, o lixo acumulado nos contenedores, que estaba a deixar xa, despois de varios días, un cheiro considerable polas rúas.

Para o sindicato UXT, mediador entre a empresa e os empregados no momento do conflito, eses catro edís vulneraron o dereito á folga dos traballadores ao realizaren un traballo que non lles correspondía e que se atopaba en situación de paro organizado e dentro da legalidade vixente en canto a folgas.

Por esta razón, o representante de UXT en Melide ten cursada unha acusación legal contra os catro con-

celleiros en cuestión: Imerio Curros, tenente alcalde, José Roca, segundo tenente alcalde, e os dous edís Jesús Castro e Manuel Rúa.

O pasado mércores 24 de novembro, o uxetista David Barrio acudía a declarar ante a xuíza do xulgado de instrución número un de Arzúa. Segundo el afirma, aportou probas da legalidade da folga e ratificouse na súa denuncia dun feito que, baixo o seu punto de vista, vulnera o dereito de de folga e a liberdade sindical dos traballadores.

A demanda foi instruída e remitida á Audiencia Provincial, quen terá que pronunciarse e considerar se se admite ou non a trámite, é dicir, se considera que os feitos son ou non constitutivos de delicto.


Ata o de agora, non existe contestación.

Pola súa parte, o pleno da corporación debatiu no seu momento estes feitos. O tenente de alcalde Imerio Curros ratificouse na súa postura afirmando que "volvería a barrer se fai falta; a min non me caen os anillos". E a alcaldesa, Ánxeles Vazquez, defendeu aos seus concelleiros co argumento de que a súa actuación tiña a finalidade de evitar danos aos veciños. A oposición criticou a actitude do goberno municipal e, tanto o PSOE como o BNG, expresaron o seu desacordo coas argumentacións da alcaldesa.

 **Villamor**
Inmobiliaria

Compra-venta de:
Casas-Pisos-Solares-Fincas ...

Tfno. 981 815 330 - www.inmobiliariavillamor.com



Ingeniero Técnico Agrícola - Colegiado nº 1.049
Rúa dos Ermandiños, 4 - 15.800, Melide (A Coruña)
Telf. y Fax: 981 50 54 82 Telf. Móvil: 639 82 00 24
Correo electrónico: ingtec@telidine.es

Servicios de la Oficina:

MEDICIÓN DE TERRENOS

DESLINDES Y AMOJONAMIENTOS

INFORMES PERICIALES

PROYECTOS AGRÍCOLAS

PARTICIÓN DE HERENCIAS (Partixas)

VALORACIONES

CATASTRO

CONCENTRACIÓN PARCELARIA

CONCESIONES DE AGUAS (Pozos, abastecimientos, etc)

Xogos de toda a vida no IES de Melide

Os alumnos deste centro teñen todos os días á súa disposición varios xogos para pasaren o recreo, como o trompo, a corda ou a mariola. Os xogos máis “perigosos”, como a billarda ou a porca, só se practican en ocasións puntuais.

Redacción
Melide

“Facer algo por estas actividades xenuínas” é o obxectivo que se propoñen as persoas implicadas neste proxecto de integración dos xogos populares na cadea de produción cultural.

Este traballo botaba a andar hai tres anos e espertaba o interese e a curiosidade dos rapaces. Agora que xa os coñecen mellor, continúan a utilizalos en moitas ocasións. O patio do colexio ten pintada unha mariola ou tella, puntos para xogar ás catro esquinas e un taboleiro de tres en raia. As cordas, trompos, aros e demais útiles de xogos tradicionais están nunha estantería á man de quen os queira usar. A rá, a billarda, os zancos e a porca resérvanse para ocasións especiais.



Nenos e nenas xogan á corda no patio



A famosa mariola, tamén chamada tella

Investigar xogando

O proxecto lévase a outros centros galegos

Redacción
Melide

Para levar a cabo todas estas actividades, varias persoas do IES, entre os que están Paco Veiga, Xan Méndez ou Xulio Pérez, fundaron a Asociación do Xogo Popular e Tradicional, integrada na coordinadora *Brinquedia*, que traballa por toda a xeografía galega.

Principalmente, o que pretenden é divulgar os xogos, dalos a coñecer en todos aqueles lugares onde os queiran recibir, sobre todo en zonas onde están xa case esquecidos.

Desde o instituto, organizan saídas a outros centros educativos de Galicia para presentar alí o seu proxecto. Avísanos con dúas semanas de antelación para que así poidan, desde o centro receptor, averiguar cales son os xogos máis típicos da súa zona, cantigas de corda específicas, etc. Unha vez alí, comparten os seus coñecementos e rematan a xornada xogando unhas partidas aos xogos

que antes acordaran.

Deste xeito tentan contribuir a que alumnos e profesores dos centros esperten o seu interese por esta parte importante da cultura tradicional galega.

Durante este ano, levan visitado xa arredor dunha ducia de centros con éxito. Ademais, esta experiencia sêrvelles para coñecer máis xogos, ou peculiaridades das normas propias de cada lugar. Unha maneira de investigar xogando.

O IES de Melide súmase así a outras iniciativas similares que estan a xurdir en Galicia. En A Capela e en Esteiro (Ferrol), por exemplo, están a apostar forte por estas actividades. A experiencia é extensible a outras comunidades de España. En Aragón, hai un museo dos xogos tradicionais altoaragoneses, por poñer un exemplo. Pero tamén noutros puntos de Europa, como na Bretaña francesa, e de suramérica, como en Arxentina, Venezuela ou México.

A Ra é un dos xogos máis coñecidos na comarca

Moitos eran os bares que tiñan este aparello á disposición dos clientes. Dos que aínda existen, O Mandil, e dos que xa pasaron á historia de Melide, o Lalín e A Cepa. E moitas eran as horas que pasaban estes xogando as rondas a ver quen conseguía máis puntos.

Para os despistados ou para os máis novos; trátase dunha ra de ferro coa boca aberta e rodeada de varios buratos. Desde unha distancia, tíranse as fichas. A boca da ra é a que vale máis puntos, e os demais buratos teñen cadansúa puntuación. Quen consiga máis puntos nunha partida, será o gañador.

Só hai que afinar ben a puntería...

Os utensilios de madeira, imprescindibles para moitos xogos populares

A billarda

Tamén coñecida como estornela é, segundo Paco Veiga, o “verdadero deporte nacional de Galicia”, porque se xoga en todo o territorio. Os utensilios son un pau aguzado e un palán, que ten golpear ao primeiro e “mandalo canto máis lonxe mellor”.

Trátase de ter un pouquiño de técnica e algo de precisión.

Para os rapaces é perigoso. Hai que procurar que, os que miran ao xogador estean sempre por detrás del. Outra posibilidade que se está a estudar e a de pór un equipamento especial para evitar accidentes pero “non estou moi dacordo” di Xan Méndez. Quizais, non tería tanto chiste...

Os zancos

“Todos os xogos tradicionais naceron, ou ben por imitación dun traballo adulto, ou ben por satisfacer algunha necesidade práctica”.

Paco Veiga afirma que este xogo naceu para cruzar os terreos lamacentos ou os ríos. Despois, converteuse nun entretemento que, en esencia, consiste en ser quen de gardar o equilibrio enriba dos zancos, paus de madeira, duns dous metros de altura, con saintes para pór os pés.

A partir de aí, pódense facer competicións, carreiras ou, segundo Xan Mendez, incluso bailes sobre zancos. Ademais, tamén se utilizan na actualidade para desfiles de mómaros ou cabezudos.

A porca

É un xogo típico da provincia de Ourense e os útiles son os mesmos que os do golf pero de madeira. Aínda que, por suposto, a porca é un xogo moito máis antigo que o practicado por Olazábal.

O número de xogadores pode variar entre cinco e dez. Hai un burato central defendido polo “porqueiro”, e outro burato para cada xogador. Teñen que tentar meter no central a porca (a bóla) empurrándoa coa cacheira (o pau). Pero “a porca só é unha desculpa para que os xogadores se movan e deixen o seu burato libre”. Entón, o porqueiro ten que usurpar un burato e, o que queda sen el, asume o posto.

De xeración en xeración coma os contos populares

¿Quen non xogou, algunha vez na vida, a cousas coma o pano, as tres en raia, a corda ou as chapas?

De seguro que hai ben poucas persoas que poidan responder negativamente a esta pregunta. E é que todos aprendemos estes entretementos dos nosos pais, e estes á súa vez dos seus, e estes á súa vez dos bisavós, e se sigo sería o conto de nunca acabar, porque todos estes xogos teñen séculos de historia e seguen existindo. De feito, cando temos fillos non nos esquecemos de aprenderllos. Nin sequera a Play Station pode evitar que, nalgún momento, aos nenos se lles dea por xogar ás agachadas, á pita cega ou ás catro esquinas.

Os alumnos participan bastante nos xogos tradicionais, pero por etapas

Da mariola á Play Station

Redacción
Melide

O interese do alumnos vai por etapas. Todos os xogos pasan de moda e estes non ían ser menos. Pero, segundo Paco Veiga, "os rapaces non rexeitan os xogos", é dicir, no consideran que a corda ou o trompo sexan entretementos doutro tempo que non teñen cabida na actualidade.

Xan Méndez destaca que agora tamén os nenos xogan á corda, cando antes era máis difícil, porque soían ser as nenas as máis interesadas en xogar.

E Paco Veiga subliña que "no centro temos artistas do trompo e artistas do aro e aquí non lles ensinamos, polo tanto tiveron que aprender coas familias".

A táctica

"Nós nunca enfrentamos os xogos con ningún divertimento moderno; nin coa Play Station, nin cos



Tamén a billarda é dos clásicos da comarca

deportes de masas nin con nada de nada". Para Paco Veiga, esta sería unha táctica absolutamente negativa. Por iso, desde o instituto só dán a coñecer estes xogos a quen non os coñecía e os poñen á súa disposición para que os usen se queren. Por isto é que hai etapas nas

que os rapaces xogan máis a isto e outras nas que xogan menos. O traballo das persoas implicadas neste proxecto é retroalimentar este interese nas etapas máis baixas, para evitar así que os rapaces se esquezan dos xogos. O problema, segundo Veiga, é

que hai moitos alumnos no centro (máis de seiscentos) e que os tempos de recreo son moi curtos. Dos quince ou vinte minutos reais, son ná práctica cinco de patio, co cal non dá tempo a que os nenos xoguen partidas enteiras de pano, ou de tres en raia ou das catro esquinas, por exemplo.

Porén, moitas veces pódense ver no patio cordas, aros, trompos ou mini partidas de calquera destes entretementos.

"Trátase de aproveitar o valor lúdico de algo que está adurmiñado ás veces".



A Ra non podía faltar en bares de sempre coma O Mandil

Seguir traballando polo xogo tradicional

Redacción
Melide

Este é o plano de futuro máis inmediato das persoas integradas no proxecto.

Teñen previsto publicar máis adiante un libro que recompila os xogos propios da Terra de Melide, que será, segundo Paco Veiga "unha contribución moi grande para a identidade da comarca".

Ademais, por medio da Asociación do Xogo Popular e Tradicional, queren seguir divulgando estas pezas da cultura por centros de toda Galicia. De feito, existe xa o proxecto común de todos os colexios interesados no tema de facer unhas "olimpiadas" do xogo popular entre os alumnos dos centros que teñen este tipo de actividades. Ademais, poderán participar tamén os adultos que o desexen a modo de exhibición. Teñen previsto que se celebren a finais

deste mesmo curso, ou ben nunha vila con espazos acondicionados para a ocasión, ou ben nun recinto grande como pode ser un campus universitario.

A este respecto, Paco Veiga observou que sería bó recuperar os espazos de xogos. "Antes xogábase nas prazas e agora non se pode porque están cheas de coches, pero podería haber canchas para xogos tradicionais. Sen embargo temos pistas polideportivas para xogar a cousas moi estrañas".

Manolo Pérez, outra das persoas que están a traballar neste proxecto, afirma que sería importante que, parte do presuposto destinado a festas e actos lúdicos incluíra unha partida para o xogo popular: monitores que os aprendan, materiais, etc. Así, estes divertimentos chegarían con facilidade a todos os veciños.



A porca e a cacheira talladas no ciclo de madeira do IES



- * Productor de toda clase de flores
- * Preparamos
Ramos de Rovia,
Coronas, Ramos,
Palmas, Centros, etc.

* Estamos a su servicio en:

Tfnos.: 981 50 61 64 - Part.: 981 50 59 86
Tfnos. móbiles: 666 49 38 49 - 666 49 38 50
C/ Amador Rodríguez, 7 - 15800 MELIDE (Lja Coruña)



José Antonio Rodríguez Álvarez. Corredor de Seguros (GF-035)

Asesoría de Empresas
Seguros Generales

Ronda de A Coruña, 32 - 1º
15800 MELIDE (A Coruña)
www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com

Tel./fax: 981 50 76 23

Tel./fax: 981 50 63 86

Venda ou expropiación: as únicas solucións para Chorén

Ramón Villar insistiu, na reunión veciñal do pasado domingo día 5, en que a depuradora de augas ten que ubicarse nunha das dúas fincas de propiedade privada sinaladas polos técnicos. Se os donos se negan a vender, "a única saída será a expropiación".

Redacción
Melide

Uns 22 veciños de Santiso reuníronse o pasado día 5 co alcalde e coa oposición para tratar o tema da construción do alcantarillado no lugar de Chorén, núcleo da parroquia de Barazón.

A única traba que, segundo o alcalde, impide o comezo das obras, é a ubicación da depuradora de augas. Os técnicos sinalaban hai uns meses dous lugares apropiados para instalala, pero ambos son de propiedade privada e os seus donos non están dispostos a cedelos nin a vendelos.

Ao remate da reunión, o alcalde Ramón Villar decidiu dar un prazo de 15 días aos dous veciños propietarios dos terreos para que pensaran de novo na posibilidade da venda de



Chorén é o núcleo dunhas das parroquias máis poboadas

160 metros cadrados das súas fincas.

En caso negativo, a única maneira de comezar definitivamente as obras, segundo o alcalde, é expropiando un deses terreos.

Ramón Villar declarou a este xornal que a expropiación "é algo que

nunca fixen e que non me gustaría facer", pero afirma que, se os veciños afectados non aceptan a venda dos seus terreos, "non quedará outro remedio".

O próximo domingo 19 reuniránse de novo para coñecer a decisión tomada polos propietarios.

A oposición fala doutras opcións

Afirman que se pode buscar unha ubicación mellor

Redacción
Melide

A oposición de Santiso, formada por dous edís de Independentes por Santiso, un do PSOE, un do BNG e un de Unión Veciñal, non está dacordo co alcalde Ramón Villar. Para eles, a expropiación non é a única saída ao problema e tampouco debora ser unha posibilidade a ter en conta. O grupo da oposición considera que os técnicos poderían volver estudar o terreo e ofrecer outra posibilidade de ubicación da depuradora. Como proposta, o voceiro do grupo independente, Ovidio Leiva e a súa homóloga socialista, Inés Cagide, afirman que existen terreos de propiedade común no municipio que poderían ser apropiados para a instalación do dispositivo.

O rexedor, pola súa parte, sostén que os terreos mancomunados non son válidos porque a altura á que se atopan está por enriba das vivendas e, polo tanto, non podería garantir o servizo

para toda a poboación.

Estas cuestións debatíanse nun pleno extraordinario convocado pola oposición o pasado martes día 30 de novembro, cinco días antes da reunión veciñal. Algunhas das persoas afectadas acudiron tamén á sesión. O debate entre o voceiro da oposición Ovidio Leiva e o primeiro tenente de alcalde converteuse nunha acalorada discusión que chegou incluso aos insultos. Polo tanto, o alcalde decidiu levantar a sesión reprimendo á oposición pola súa actitude e emplazando aos veciños alí presentes para a reunión do domingo no Bar Cruce, propiedade dun dos afectados.

Segundo Ramón Villar, as únicas opcións válidas para instalar a depuradora e comezar por fin as obras do alcantarillado son as sinaladas polos técnicos. Para o alcalde, a actuación dos edís da oposición ten como única finalidade retrasar as obras ao máximo para "seguir saíndo na prensa".

Máis de 180.000 euros para obras no municipio

Un veciño de Santiso detido por posesión de cocaína

O PSOE de Toques critica a Ánxeles Vázquez por agradecer "expresamente" a presenza nun acto do alcalde Xesús Ares

A Deputación da Coruña destinou un total de 172.333,46 euros ao Concello de Santiso para a realización de obras dentro do Plan de Obras e Servizos (POS). Ademais, a institución municipal achega a esta cantidade un cinco por cento máis, co cal, as obras do POS de Santiso contan cun orzamento total de 180.950 euros.

Vánse realizar un total de dezasete actuacións aprobadas en pleno extraordinario o pasado día 5 de novembro, cos seis votos a favor do equipo de goberno e as cinco abstencións da oposición: PSOE, BNG, Independentes por Santiso e Unión Veciñal.

Todas as obras están relacionadas coa pavimentación de estradas e

pistas do municipio.

Pavimentaránse os tramos de vía que seguen:

Balada-Visantoña, Arzúa-Arcediago, Cimadocampo de San Román, Bosel de Abaixo-Ribadulla, Fontecumeiro-Visantoña, Sabarello (Belmil), Arzúa-A Pena, Balada-A Liñeira, Arzúa-A Pedreira, Ponte Bran-Vimianzo, Cruz-Souto, Reboredo-Vimianzo e acceso a Casa Ligerero en Balocás.

Ademais faránse pavimentacións interiores na praza de Serantes e na de Trevolo. E colocaránse espellos retrovisores para a circulación de vehículos en varios puntos do municipio.

Segundo o alcalde Ramón Villar, son obras demandadas polos veciños e necesarias para o lugar.

A Garda Civil detivo o pasado 19 de novembro a un veciño de Santiso en posesión de 33 gramos de cocaína, o equivalente a 176 doses. O detido, J.G.C de 32 anos, levaba ademais no seu coche unha báscula de precisión e case 5.000 euros en efectivo. O feito sucedeu arredor das dúas da madrugada, cando unha patrulla detectou, na rúa dos pubs de Melide, un vehículo estacionado cun home dentro. Os gardas sospeitaron da súa actitude e procederon a identificalo. Tras atopar a substancia ilegal, o home prestou declaración e foi conducido ao xulgado de instrución de Arzúa acusado dun suposto delito contra a saúde pública. Esa mesma mañá, J.G.C foi posto en liberdade.

O Partido Socialista de Toques considerou "inadmisible" o feito de que a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, agradecera "expresamente" a presenza do alcalde de Toques durante a súa intervención pública no día da conmemoración do 25 aniversario da cooperativa Melisanto. Por iso, o grupo socialista enviou un escrito á alcaldía melidense criticando a actitude da rexedora.

Para este grupo, non é xustificable que a alcaldesa "fomente coa súa actitude a permisividade social" ante delitos de abusos sexuais a menores, do que está acusado o alcalde toquense, Xesús Ares. As palabras de Ánxeles Vázquez parecéronlles pouco apropiadas en calidade, tanto de cargo público

como de muller.

O PSOE de Toques argumenta no seu escrito, por medio da súa voceira Cruz Bande, que a agresión sexual "debe xerar un total rexeitamento do conxunto da sociedade".

Para este grupo, aínda que a condena ao alcalde Xesús Ares Vázquez non leve consigo a súa inhabilitación para o cargo, "non se pode xustificar que a súa presenza en actos institucionais sexa motivo de especial mención e agradecemento".

Os socialistas entenden que, coa actitude que tivo a alcaldesa de Melide, non exerceu a súa responsabilidade de "transmitir á sociedade un rexitamento colectivo a este tipo de delitos e unha tolerancia cero dos mesmos".

A Deputación achega ao municipio un orzamento de máis de 200.000 euros

O Concello de Sobrado proxecta cinco obras para o POS

Redacción
Melide

203.629,19 euros é o total do orzamento destinado pola Deputación de A Coruña para o Plan de Obras e Servizos, que sumado á achega do propio Concello, fai un total de 214.346,52 euros.

O goberno municipal destina estes cartos a cinco actuacións aprobadas en pleno extraordinario con seis votos a favor e tres abastencións da oposición. As obras aprobadas divídense en cinco actuacións en cinco zonas do municipio.

En Porta, a urbanización da rúa Fonte Palomo.

En Nogueira-Carelle-Porta, a ampliación do camiño de Nogueira-Escola e o afirmado dos camiños de Pontepedra-Mosteiro, Pedra Lobeira-Senín e Casanova-Madelos.



O camiño Pontepedra-Mosteiro mellorará o seu firme

En Grixalba, ampliación do camiño de Dombrete-Cruz de Sabugueira e acondicionamento do camiño de Lagoa.

En Ciudadela-Codeso-Pousada e outras, acondicionamento dos camiños de Ciudadela, Vidueiros,

Ramil, Reboredo, Sabegode, Vilanova, Armada, Suavila e Portasantas.

En Pousada-Codeso-Carelle, ampliación do camiño de Pousada e asfaltado do camiño de Xangote e Senín.

Toques recibe case 150.000 euros cos que realizará tamén cinco actuacións

Redacción
Melide

A Deputación Provincial destina ao Concello de Toques un orzamento de 148.233,36 euros para as obras do POS (Plan de Obras e Servizos).

No caso deste municipio, as actuacións aprobadas en pleno extraordinario pola corporación municipal son tamén cinco:

-O asfaltado do camiño Lameiro-Fontecampelo, cun investimento de 31.547,43 euros.

-O asfaltado do camiño Cimadevila-Oleiros, con 31.413,39 euros.

-O asfaltado do camiño Castro Cardelle-Castro, con 31.519,52 euros.

-O asfaltado do camiño Fondevila-Outeiro e outros, con 31.344,06 euros.

-A ampliación do abastecemento de augas en Brañas e outros, cun investimento de 30.210,72 euros. O total do orzamento para estas obras ascende, polo tanto, a máis de 156.000 euros, dos cales, só 7.800 correrán a cargo do Concello.

A elección destes cinco proxectos comunicouse no pleno extraordinario do pasado 26 de novembro.

Trátase dunha selección feita polo goberno municipal e aprobada polos seis votos a favor dos seus membros e tres abastencións por parte da oposición, formada polo PSOE e pola Asociación de Independentes por Toques (AIT).

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Toques expónse ao público

Redacción
Melide

O pleno da corporación municipal toquense realizou o pasado mes de novembro a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), primeiro paso para a súa aprobación definitiva.

Unha vez apareza publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) e en dous diarios dos de maior difusión na zona, o documento estará exposto no Concello para a súa consulta pública. Ademais, haberá unha persoa dispoñible para explicar aos veciños que o desexen os contidos do plan. Deste xeito, todos poderán coñecer as propostas contidas no documento e achegar as súas propias aos membros do goberno do Concello. Tras pasar este trámite, a



Os veciños teñen un mes para consultar o documento do PXOM no Concello

corporación municipal fará unha segunda aprobación provisional do documento definitivo.

A continuación, a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e

Vivenda, organismo competente na materia deberá aprobalo de xeito definitivo.

Para que serve o PXOM
Un Plan Xeral de Ordenación Municipal é o

único instrumento que habilita para a ordenación urbanística integral dos Concellos. As súas funcións básicas son as de clasificar o solo, definir os elementos fundamentais da estrutura

xeral adoptada para a ordenación urbanística e establecer as determinacións para promover os seu desenvolvemento e execución. É dicir, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Toques vai definir o modelo de utilización do seu territorio a través de determinacións xenéricas para a totalidade e específicas para cada clase de solo.

Neste plan recolleráanse todos os aspectos do crecemento urbanístico do Concello, como por exemplo, a qué tipo de actividade se dedica cada solo, onde se debe edificar e cómo, qué lugares deben ser protexidos, por onde deben trazarse as novas rúas, onde establecer novos lugares de residencia, cómo conseguir novos terreos para centros deportivos, prazas, etc.

O PXOM vai estar exposto ao público durante un mes.

O IV Congreso de Comercio Galego reúne a todo o sector

A cidade de Santiago de Compostela foi o punto de encontro de 300 representantes do pequeno comercio. Por medio de conferencias e mesas redondas, debatiron a situación do sector e fixaron liñas de actuación para o futuro.

Redacción
Melide

O presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, foi o encargado de abrir a inauguración do acto o sábado 13 de novembro. No seu discurso, adiantaba os temas que se trataron no Congreso: “imos falar de horarios, imos achegarnos un pouco máis a Europa e ás axudas comunitarias ao comercio, imos coñecer o novo marco de axudas a nivel estatal e autonómico, e imos profundizar na evolución dos centros comerciais abertos”. A continuación, o presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, Antonio Fontenla, destacou a evolución do comercio galego nos últimos anos gracias ao esforzo individual dos pequenos empresarios e apelou a que se



Os días 13 e 14 de novembro en Compostela

continúe por ese camiño. Pola súa banda, o presidente da Confederación Española de Comercio felicitou ao goberno de Zapatero polo proxecto de lei de horarios comerciais e

instou ao goberno galego para que manteña o seu diálogo co sector. A resposta deulle o Conselleiro de Industria, que abriu o acto prometendo que “non os vamos defraudar”.

As conclusións

Fixaron cinco liñas de actuación principais

Redacción
Melide

En primeiro lugar, os asistentes ao Congreso acordaron co Conselleiro de Industria a fixación do máximo de oito xornadas e setenta e dúas horas semanais de apertura en festivos, que se establecerá mediante decreto en 2005. En relación con isto, concluíron que o consumidor non reclama apertura de centros en festivos, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, e que a mairía están a favor de que haxa unha regulación neste sentido. En terceiro lugar, coincidiron na oportunidade de potenciar o asociacionismo para acceder aos fondos estruturais da Unión Europea para o fomento da competitividade. A modernización dos mercados municipais, a creación de centros comerciais abertos e a peatonalización dos eixos comerciais foi outro dos puntos comúns aos que decidiron prestar atención de aquí en

diante. Pere Llorens, presidente da Confederación Española de Comercio sinalaba que “os mastodontes non nos van gañar, xa que nós damos rotación ao diñeiro, damos riqueza e facemos que as vilas e cidades estean vivas; está claro que David vai vencer a Goliat.” Por último, o colectivo empresarial subliñou a necesidade de contar co apoio de todas as administracións públicas para poder preservar o equilibrio entre os diferentes formatos comerciais, é dicir, para que sexa posible a convivencia rendible entre grandes áreas comerciais e pequenas e medianas empresas. A este respecto, o Director Xeral de Comercio e Consumo, Víctor Tello, afirmaba que “o comerciante quere competir en igualdade de condicións, é dicir, competir coas mesmas armas, e desde a Xunta de Galicia seguiremos prestando o noso apoio para poder conseguilo”.

O presidente de ASETEM representou nos actos ao sector da comarca

O presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide, José Antonio Rodríguez Álvarez, foi invitado pola organización do IV Congreso Galego de Comercio e pola do II Congreso Nacional de Autótomos como representante dos empresarios da Terra de Melide. Dous actos aos que acudiu para estar informado e para informar ao colectivo dos aspectos tratados. Deste xeito, a Federación Galega de Comercio e a Federación de Autótomos de Galicia, principais impulsoras de cada un dos Congresos, quixeron ter presente o sector comercial e de autónomos de Melide en dúas xuntanzas nas que se deciden aspectos importantes do futuro de ámbolos dous colectivos.

Así o expresaron no II Congreso Nacional de Autótomos

Xunta e goberno central prometen apoio aos autónomos

Revisións Médicas para traballadores en ASETEM



O Congreso celebrouse o pasado 27 e 28 de novembro

O presidente da Federación de Autótomos de Galicia, Paulino Franco, o presidente da Confederación de Autótomos de España, Eliseo Calviño, a conselleira de asuntos sociais, Belén Prado, e o delegado de goberno en Galicia, Manuel Ameijeiras, inaguraron este congreso estatal celebrado este ano en Galicia, no Pazo de Congressos e Exposicións de Compostela. A conselleira destacou o crecemento do sector nos últimos dez anos como unha boa nova para a economía do país, e tamén

anunciou que, o próximo ano, a Xunta promoverá a “creación de novas iniciativas empresariais en zonas rurais e pequenos núcleos urbanos”. Asimesmo, manifestou que o goberno galego apoiaría a demanda do sector da creación dun Estatuto do Traballador Autónomo. Neste sentido, o delegado de goberno anunciou que existe xa unha comisión de expertos para redactar, no prazo dun ano, este Estatuto. Engadiu tamén que o o Ministerio de Traballo está a estudar unha fórmula específica que permita aos autónomos dispoñer dun fondo propio de cobertura do desemprego no caso de cese da actividade. Ameijeiras destacou tamén á chegada deste grupo á riqueza e ao emprego.

Dada a demanda dos socios da realización de recoñecementos médicos sen se ter que desprazar a outra localidade, ASETEM chegou a un acordo con Mutua Gallega e coa empresa Isonor Prevención para realizar estes recoñecementos no propio local da Asociación, ámbalas dúas empresas capacitadas para ofrecer o servizo. Os socios que estean interesados en que os seus traballadores realicen o recoñecemento médico nesta Asociación deben poñerse en contacto con ela coa maior brevidade posible para poder confeccionar os diferentes grupos e a data de realización dos mesmos. De non ser así, endenterá a Asociación que non están interesados en utilizar este servizo.

Solicitan á Xunta que asigne un máximo de oito festivos por ano na nova lei

A pequena empresa oponse á liberdade de horarios

Redacción
Melide

Un dos puntos ao que máis tempo dedicaron os comerciantes presentes neste cuarto congreso foi o da liberdade de horarios comerciais, tema obxecto de debate a nivel estatal desde hai xa varios anos.

Posto que o goberno socialista aprobou un novo marco regulador no Congreso que permite ás comunidades autónomas fixar un mínimo de oito festivos e setenta e dúas horas semanais de apertura, o problema da plena liberalización dos horarios que o goberno Aznar prevía para 2005 queda xa en mans dos executivos autonómicos. Polo tanto, os colectivos de comerciantes e empresarios galegos aproveitaron a ocasión para solicitar ao Conselleiro de Innovación e Industria, Juan Rodríguez Yuste, que



As autoridades encargadas da inauguración

convirta en máximos os mínimos fixados polo goberno español, é dicir, que o tope permitido de apertura de comercios en festivos sexa de oito días por ano e setenta e dúas horas semanais. Deste xeito, os comerciantes e empresarios consideran que poderán

competir co asedio das grandes áreas comerciais. Pola súa parte, o conselleiro reiterou que non defraudaría aos comerciantes e que “a administración non fará oídos xordos ás propostas razoables”. Polo tanto, os representantes do pequeno comercio esperan

agora que este punto sexa incluído no novo Plano de Mellora da Competitividade do Comercio Galego, que elaborará unha vez que a lei proposta polo goberno de Zapatero pase os trámites parlamentarios, é dicir, que se aplicará no exercicio 2005-2008.

Melide

Dadas as circunstancias especiais da comarca, esta medida non afectaría á apertura en días festivos do comercio local. Por isto, desde a Asociación de Empresarios apóiase esta medida a nivel xeral.



O presidente de ASETEM tamén asistiu ao Congreso

Cen millóns de euros para a mellora do sector

Redacción
Melide

O Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, Juan Rodríguez Yuste, aproveitou o escenario do IV Congreso de Comercio Galego para dar a coñecer o novo Plano de Mellora da Competitividade do Comercio Galego, que porá en marcha a Xunta en 2005. A partida destinada a este proxecto é de cen millóns de euros e as principais novidades que introduce son a potenciación do comercio rural e a implantación de marcas de calidade. Segundo Rodríguez Yuste, o obxectivo desta nova actuación é o de acadar un campo de acción definido para o pequeno comercio, evitando así a competencia en desigualdade de condicións coas grandes áreas comerciais e as grandes empresas. O orzamento divídese en cinco áreas.

CINCO PROGRAMAS

- 1º. Fomento do comercio rural: 8 millóns de euros.
- 2º. Recuperación competitiva das pemes comerciais: 30 millóns de euros en subvencións e subsidiación de préstamos de ata 48 millóns. Consiste na implantación de marcas de calidade para incrementar a cualificación do sector.
- 3º. Centros comerciais abertos e mercados municipais: 28 millóns de euros. Contempla engadir “eixos comerciais”, nas zonas empresariais pequenas.
- 4º. Programa de Cooperación Empresarial: 30 millóns de euros. Consiste en incentivar o asociacionismo e a mellora das canles de comercialización.
- 5º. Formación, información e innovación comercial.



O Conselleiro de Industria, Juan José Rodríguez Yuste

Subvencións e axudas de interese para comerciantes e empresarios

As axudas e subvencións máis solicitadas durante o presente ano son:

- Programa de promoción e emprego autónomo (Orde do 12 de marzo de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras do emprego autónomo, DOG do 26 de marzo)
- Programa de fomento de contratación indefinida das

persoas con discapacidade (Orde do 9 de marzo de 2004, DOG de 18 de marzo)

- Axudas a empresarios sen asalariados pola contratación do seu primeiro traballador (Orde do 25 de febreiro de 2004, DOG de 10 de marzo)
- Programa de fomento da contratación indefinida ini-

cial vinculada a proxectos de investigación e desenvolvemento (Orde de 11 de marzo de 2004, DOG do 26 de marzo)

- Programa de Fomento da contratación temporal dos traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión social (Orde de 9 de marzo de 2004, DOG de 26 de marzo)

-Programa de Fomento dos contratos en prácticas de mozos titulados e para a innovación tecnolóxica (Orde do 9 de marzo de 2004, DOG de 26 de marzo)

- Programa de fomento da contratación temporal dos desempregados incorporados ao programa laboral (Orde de 9 de marzo de

2004, DOG de 26 de marzo)

-Programa de microcréditos do IGAPE e outras axudas (Resolución do 27 de xaneiro de 2004, DOG do 30 de xaneiro)

-Programa de fomento de emprego en cooperativas e sociedades laborais (Orde do 25 de marzo de 2004, DOG de 2 de abril)

Catro séculos de historia de Galicia no Pazo de Eidián

Tras un ano e medio de rehabilitación, a casa fidalga do século XVI está aberta ao público e ofrece unha moi ampla oferta de servi-

zos, desde a cociña, tanto tradicional como moderna, ata a suite "señorial" pasando por actividades deportivas campestres.

Redacción
Melide

Levaba máis de trinta anos deshabitado cando os actuais donos decidiron recuperar o esplendor desta xoia arquitectónica que conta con máis de catrocentos anos de historia.

Empezou sendo a casa fidalga dunha familia, converteuse despois en forte ou cuartel na época das loitas carlistas e, por último, fixo o servizo de vivenda rural de carácter agrícola. Tres etapas das que quedan numerosas mostras entre os seus muros, que pechan máis de quince mil metros de finca.

A *Casa Grande* de Eidián está agora a disposición de todos os queiran pasar uns días de descanso no corazón de Galicia, rodeados da paz que transmite o campo e, ao mesmo tempo,



Exteriores do Pazo

de todos os luxos dunha casa señorial.

Despois da rehabilitación, a casa conserva moitos dos elementos antigos, como as vigas de madeira dos teitos,

o pozo, un forno, unha lareira ou unha prensadora de sidra. Ademais, o mobiliario adaptación á época á vez que ofrece todas as comodidades.

Do XVI ao XXI

Tres usos para tres épocas en Eidián

Redacción
Melide

O primeiro dono que se coñece do Pazo de Eidián, no municipio de Agolada, é Bartolomé López de Basadre, escribán do rei e tamén da cidade de Santiago. Pai dunha descendencia continuada de alcaldes da capital galega. O pazo estaba habitado por un mordomo que se encargaba de cobrar as rendas, xa que os señores tiñan a súa residencia en Compostela.

A mediados do século XIX, a descendente da familia e dona do pazo era Dolores Basadre, que casou cun destacado participante na loita contra os franceses, Diego López Ballesteros. Nacido en Vilagarcía en 1782, foi nomeado Ministro de Facenda en 1822.

Debido á súa disposición gubernamental, cando na década dos 30 se crearon grupos de tropas para combater aos facciosos, estableceuse un deles no Pazo de Eidián; uns vin-

tecincos soldados que loitaron contra os carlistas da zona do Deza e Agolada. A fachada norte e a oeste da casa, entre outras cousas, dan boa conta desta etapa, xa que teñen pequenas troneiras verticais, repartidas a uns dous metros de distancia e orientadas cara a puntos estratéxicos para a mellor defensa do edificio. A finais do século XIX, a propiedade pasou a un antepasado invidente da familia Pampín, polo que o Pazo empezou a ser coñecido como *A Casa do Cego*, nome co que hoxe segue sendo identificado polos veciños.

As antigas dependencias militares pasaron a ser utilizadas como almacéns, despensas ou outros espazos con fins agrícolas.

Xa no século XXI, o Pazo vive a súa cuarta etapa. Unha fusión entre as tres anteriores pero coa vantaxe de que, esta vez, as súas portas están abertas para todos os que teñan interese en visitalo ou en gozar dos seus servizos.

Ocupación e emprego

Hai pouco máis de sete meses que o Pazo de Eidián funciona como establecemento hosteleiro e, polo momento, as súas cifras de ocupación e emprego están a ser notables.

O pasado mes de agosto chegaba a un 80% de ocupación e daba traballo a sete persoas da zona de Melide e Agolada.

Neste momento, de temporada baixa, hai tres persoas empregadas e, en datas puntuais como a pasada ponte do Pilar, alcánzase ata o 100% de ocupación, chegando ata un 40% de media dun mes como o de outubro, no que normalmente non se chega a estas cifras.

A lenda, presente en múltiples aldeas e vilas galegas, non podía faltar arredor dunha casa fidalga con catrocentos anos de historia

Na época dos enfrontamentos entre carlistas e isabelinos, existiu un guerrilleiro chamado Florencio Guerreiro, veciño do lugar de Amance, na parroquia de Santiago de Eidián.

Contan os labregos da zona, que el adoitaba loitar contra as tropas isabelinas acuarteladas no Pazo. E que, ademais, dentro da *Casa do Cego*, tiña un espía que lle pasaba información referida aos servizos e correrías das tropas para preparar despois emboscadas contra elas.

Pero todo empezou a torcerse cando un día que os soldados do pazo saíron a patrullar, pasaron por Amance e foron vistos por

Florencio. Este, con todo o seu odio a flor de pel, deixounos pasar e, cando xa non o escoitaban, comezou a berrar que el era o guerrilleiro Florencio Guerreiro, o máis buscado do lugar, contrario aos isabelinos e desexoso de acabar con todos eles.

Mais el non se percatara de que, pola retagarda, chegaba un soldado coxo, que ao escoitar a súa confesión non intencionada, púxose nervioso, emerxeu toda a súa ira, e reccionou disparándolle a unha perna. Así foi como, segundo conta a lenda, Florencio foi capturado e posteriormente executado no Pazo de Eidián.

Pero ademais, din que a súa cabeza estivo durante moito tempo colgada nas picas da entrada do cuartel, como estandarte do Pazo de Eidián, como exemplo do poderío dos que nel se acuartelaban e preparaban as súas batallas, como exemplo da forza dos exércitos isabelinos da zona, para que os veciños escarmentaran e para que a ningún outro guerrilleiro se lle ocorrixe imitar a fazaña daquel Florencio Guerreiro, veciño do lugar de Amance, que ousou tender unha trampa aos soldados da Casa Grande e Eidián. Agora xulguen volstedes: ¿Lenda, historia, ou talvez lenda histórica?

O que vai vir: xardín para comer ao aire libre e sala de reunións

Aínda que o Pazo de Eidián está xa preparado para ofertar toda clase de servizos hosteleiros e de tempo libre, o traballo continúa e o aproveitamento do espazo vai ser en breve aínda maior. Dos quince mil metros de finca en verde dos que poden gozar os clientes, unha parte vaise habilitar como terraza-comedor para o verán. Ademais, o interior do pazo terá tamén unha sala de reunións ou congresos que estará dispoñible para calquera empresa, asociación, institución ou organismo de calquera tipo que desexe xuntar ao seu equipo de traballo nun pazo do século XVI.

Actividades como a hípica ou o rafting completan a oferta de ocio do Pazo

Tradición e modernidade na cociña e luxo nos salóns

Redacción
Melide

Para dormir

A casa ten doce cuartos, para dúas persoas cada un e cos seus baños, calefacción e televisión.

Os espazos máis grandes están convertidos en dous cuartos especiais (ou suits), con todos os luxos propios deles pero dentro da estética tradicional propia do pazo.

Para comer

O restaurante conta cun comedor e cunha cafetería para hóspedes. Ata cen persoas poden celebrar en Eidián vodas, bautizos, comunións ou outros acontecementos.

Olga, cociñeira de Agolada con máis de vinte anos de experiencia, é especialista en preparar pratos tan tradicionais coma os callos, pero tamén cociña menús máis modernos, como langostinos en salsa de mango.



Salón comedor principal

Para descansar

Os teleadictos non deben preocuparse porque, aínda que non é da época, hai unha sala de televisión. E para os que queiran desconectar da tecnoloxía, a sala de lectura ao lado da lareira pode ser o lugar ideal.

Para divertirse

O Pazo organiza múltiples actividades para os clientes. Rutas en bicicleta ou a cabalo, sendeirismo, excursións guiadas, quads, rafting, puenting, caza ou pesca fluvial en periodos autorizados e tamén piragüismo.



Cuarto especial ou suit do Pazo

Unha ubicación propia dun pazo

Redacción
Melide

A Casa Grande de Eidián está no corazón de Galicia, no extremo nororiental da provincia de Pontevedra e a tres quilómetros das provincias de A Coruña e Lugo. Moi preto, ademais, do Camiño de Santiago ao seu paso por Melide, razón pola cal o establecemento ofrécese a recoller nesta vila aos hóspedes que estean a facer a peregrinación.

Eidián e o seu Pazo atópanse nun alto sobre o río Ulla e rodeado de construcións históricas propias dun municipio como Agolada, que foi durante séculos un punto de encontro de diferentes culturas.

Por todo isto, no entorno do pazo se atopan algunhas construcións de interese histórico e monumental. Mámoas como a de Ferreiroa, na que se atopou o chamado "Tesouro de Agolada", formado por dous brazaletes, unha gargantilla de ouro e unha louza con gravados en zigzag que actualmente podemos visitar no Museo de Pontevedra.

Castros da época celta coma o "Castro Marcelín", na parroquia de Merlín, o de "Coto de Mouros" en Trabancas, o "Castro de Vilela" en Borraxeiros, o "Castro da Vila" en Artoño, ou o castro de Brocos.

O Castelo do Pambre e os Pendellos de Agolada son outras das construcións de interese que rodean o Pazo de Eidián, e que o sitúan

nunha zona de elevado interese para os visitantes interesados en arquitectura histórica.

"Os Pendellos" forman un conxunto histórico-artístico do século XVII moi ben conservado. Trátase de espazos a modo de alpendres nos que periódicamente se celebraban as feiras, e podían estar dedicados á venda de calquera produto, pero tamén servían para gardar os animais ou para que os feirantes pasaran a noite. Os de Agolada son uns dos pendellos mellor conservados, xa que outros recintos de similar estrutura na comarca, caso da Gouxa en Dozón, Rio en Rodeiro ou Bandeira en Silleda, están completamente derruídos ou foron substituídos por construcións modernas.

O Castelo de Pambre é unha estrutura realizada en granito, que gardaba aos peregrinos que iban a Compostela.

Accédese por un arco coas armas dos Ulloa a un recinto presidido pola grande torre da homenaxe e rodeado por outras catro nos ángulos da muralla.

O conxunto complétase cunha casa grande e cunha igrexa románica do século XII.

Un marco do máis valioso para amparar un pazo fidalgo convertido agora en establecemento hostelero catalogado dentro dos 27 mellores "Pazos de Galicia".

DPRISA

MELIDE MODA JOVEN



A sociedade da comarca agradece o labor de Protección Civil cunha cea homenaxe

Unhas 160 persoas acudiron ao acto o venres 19 de novembro

Redacción
Melide

Representantes de asociacións, de empresas, de partidos políticos e de sindicatos da Terra de Melide, así como membros do goberno municipal dos concellos da comarca, reuníronse no Hotel Carlos 96 para recoñecer o importante traballo que realizan desinteresadamente os voluntarios de Protección Civil. Asimesmo estivo presente o presidente da Federación de Protección Civil, Juan Corral, e o secretario da mesma, José Antonio Giadanes.

O acto foi organizado pola Asociación de Empresarios Terra de Melide, que por boca do seu presidente, José Antonio Rodríguez, destacou a importancia da presenza de toda a sociedade comarcal neste



Protección Civil de Melide leva xa 12 anos na comarca

acto, deixando á marxe as diferenzas que poidan ter noutros aspectos do día a día da vila.

O equipo de Protección Civil leva xa doce anos na comarca. Neste momento son nove os voluntarios que dedican o seu tempo libre a atender accidentes de tráfi-

co, buscas de desaparecidos, apertura de vivendas, ou a gardar a seguridade en festas, feiras, e outros acontecementos. Un traballo que os veciños da comarca souberon agradecer coa súa presenza na cea homenaxe celebrada o pasado día 19 de novembro.

O grupo ecoloxista Curuxás organizou un magosto contra os encoros do río Ulla

Castañas, cervexa, viño e reivindicación

Redacción
Melide

Paralizar "a barbaridade destructora que pretende perpetrar Fenosa nun dos nun dos ecosistemas fluviais máis ricos e mellor conservados de Galiza" é o obxectivo co que Curuxás organizou o seu magosto o pasado 19 de novembro.

A festa celebrouse na cervexería Fundación e a asistencia foi gratuita. Os fondos recadados nas consumicións destináronse á Plataforma en Defensa do río Ulla, constituída para rexeitar os encoros que a empresa eléctrica Unión Fenosa ten proxectado construír ao longo do cauce do río, e que vai investir o diñeiro en contribuir ao apoio financeiro do contencioso xudicial que inter-

puxeron contra Fenosa case cen particulares e asociacións das comarcas de Melide e A Ulloa.

A música púxo a un grupo de gaitas, e as castañas, a cervexa e o viño correrón a cargo dos establecementos comerciais melidenses que quixeron colaborar coa causa.

O afamado actor Carlos Blanco, coñecido entre outros polo seu papel de Ladislao Couto na serie "Mareas Vivas", foi o encargado de ler o pregón, escrito por el mesmo para a ocasión.

Ademais, para que os asistentes tiveran presente en todo momento o motivo da festa, proxectáronse imaxes dos torrentes de Mácara, unha reserva natural que vai quedar afectada polos proxectos hidroeléctricos.

Os Reis Magos percorreren todo o Concello de Santiso

Desde Vimianzo ata Beigondo repartindo 350 quilos de caramelos

Redacción
Melide

O próximo día 5 de xaneiro, os nenos de Santiso teñen unha cita obrigada cos Reis Magos se queren que estes lles traian os agasallos que, de seguro, pediron na carta.

Desde as nove da mañá, hora á que a cabalgata vai saír do lugar de Chorén, e ata as dez da noite que ten prevista a chegada a Beigondo, a comitiva real de Oriente vai percorrer as dezasete parroquias e lugares do municipio repartindo os 350 quilos de caramelos entre os nenos que se porten ben.

As Sús Maxestades irán acompañados da súa comitiva real, formada por tres paxes, tres gaiteros que amenizarán o percorrido,



Melchor, Gaspar e Baltasar

un chófer que conducirá a carruaxe real e unha persoa encargada de avisar aos nenos da chegada dos Magos de Oriente facendo explodir a pólvora dos fogos.

Esté é xa o cuarto ano que As Sús Maxestades de Oriente visitan Santiso e, segundo confirmaron a este xornal, os nenos do municipio pórtanse cada ano mellor.

Sobrado amplía a Aula de Informática municipal

Redacción
Melide

As obras de ampliación inclúen a instalación de cinco novos equipos informáticos, que farán un total de dez computadores con conexión a internet e a dis-

posición de todos os veciños do municipio.

O horario de apertura desta aula é de luns a venres de 17 a 21 horas.

A actuación realízase co orzamento derivado dun acordo coa Deputación Provincial.

Mesón-Pulpería
ALONGOS II
Especialidade en cociña galega tradicional,
desde 1952
Viños, tapas, comida caseira...

Avda. Lugo, 22 - MELIDE (A Coruña)
Teléfono: 981 50 75 10 - Tels. móbiles: 670 78 79 22 - 615 36 00 89

Asistiron os nenos de educación infantil de todos os colexios de Melide

O Grupo de Metais Santa Cecilia ofreceu un concerto didáctico para os máis pequenos da comarca

Redacción
Melide

Trompeta, trompa, trombón e tuba. Sons os instrumentos que tocan os catro compoñentes do grupo Santa Cecilia. Pero, ademais de tocar, deron aos rapaces unha lección sobre o son e as súas cualidades: o ton, o timbre, a duración e a internsidade. Tamén lles amosaron diferentes estilos musicais e lles faláron sobre a historia de cada un dos instrumentos do grupo. Este concerto didáctico celebrábase no colexio número un de Melide coa presenza dos nenos e nenas dos demais colexios públicos da vila o pasado venres 19 de novembro.

Trátase dunha actividade organizada polo departamento de cultura do Concello de Melide coa intención de espertar nos rapaces e rapazas o interese pola música.



Os alumnos xuntáronse no patio interior do colexio nº 1



O grupo foi aplaudido polos rapaces en varias ocasións

A semana da Música reuniu en Melide a once agrupacións

Do 19 ao 28 de novembro, todos os interesados na música poideron gozar de dúas fins de semana cargadas de melodía.

A Banda e Coro da Escola de Música de Visantón inauguraba o acto organizado pola Coral Polifónica de Melide e a Igrexa Parroquial pasaba a ser o escenario da Semana da Música. Ao día seguinte, os

protagonistas eran o Grupo de Percusión do Conservatorio de Melide e o grupo de música tradicional "O Castelo", tamén da vila. O domingo, pechábase a primeira parte do acto cos gaiteritos "Froito Novo" e co grupo "Troito".

Xa o venres 26, o grupo local "Axóuxere" abría a segunda parte a ritmo de

muiñeira, seguido do grupo da catequese parroquial de Melide. O sábado tocoulle a "Os Melidaos" e a dúas corais, a de Palas de Rei e á anfitriona; a Polifónica de Melide.

O peche correu a cargo da Banda de Música de Melide, que o domingo daba por rematada a festa co tema "Orgullo Santiaguista".

Melide volve aos 60 gracias á nova serie da TVG "Libro de Familia"

Redacción
Melide

A partir de xaneiro poderemos ver na Televisión de Galicia á vila de Melide convertida en Santalla, un espazo rural do interior galego no que se desenvolven as tramas da nova serie de ficción de produción galega ambientada nos anos 60.

O equipo de rodaxe ten xa gravados os doce primeiros episodios da serie e, neste momento, están a traballar na produción dos trece seguintes, dos que Melide é protagonista principal.

A nova serie da TVG está producida por Editorial Compostela, responsable tamén da mítica "Pratos Combinados". A dirección corre a cargo de Mariana Carballal, coñecida pola súa participación dentro do grupo cómico dos "Tonechos" e que debuta como directora. Tamén forman parte do equipo Xosé María Besteiro como produtor executivo, Silvia Carnero como xefa de produción e Giselle Llanio e Marta Piñeiro como realizadoras; todo eles rodeados dun equipo de case cen persoas que traballan diariamente entre Melide e o Plató 1200 da produtora CTV en Montouto (Teo).

En canto ao elenco de actores, cabe destacar a Manuel San Martín, Mayka Braña, Gonzalo Uriarte,

Mara Sánchez, Monti Castiñeiras, Abelardo Pérez e Diana Nogueira.

A serie conta a historia de tres familias galeas de distinta procedencia social. Por unha parte, os Cabanas, agricultores de toda a vida e propietarios dunha tenda de ultramarinos.

Por outra parte, a familia de terratenentes encabezada por don Román.

E por último, unha familia indiana, os Freire, que chega a Santalla procedente de Venezuela.

Por medio destas tres unidades familiares, a tele-serie vai recrear a historia dun país que, en pouco máis de trinta anos, pasa do arado romano á antena parabólica, da emigración á inmigración e das patacas aos kiwis.

O equipo comezou a grabar o pasado mes de setembro na Praza do Convento. O segundo paquete de capítulos en exteriores rodábanos entre os días 29 de novembro e 10 de decembro e, tralo descanso de Nadal, volverán a Melide para finalizar os vinte e cinco episodios dos que, en principio, vai constar a serie.

Os responsables de "Libro de Familia" son optimistas en canto ao resultado; están dacordo en que a serie reúne elementos importantes e valiosos para triunfar.

A.S.E.T.E.M.
Asociación de Empresarios Terra de
Melide

IRIS
TINTORERÍA - LAVANDERÍA

- * LIMPIEZA EN SECO
- * PIEL - ANTE- MANTAS - CORTINAS
- * ALFOMBRAS - EDREDONES ...
- * ESPECIALIDAD EN HOSTELERÍA

C/ EMILIA PARDO BAZAN, Nº 11 - Telf.: 981 507 806
MELIDE - (A CORUÑA)

Joyería
Oro Ley
Taller Propio


Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE (A Coruña) Telf.: 981 50 54 68

A orixe do Camiño de Santiago "O Camiño Primitivo"

Primeira Parte

MINGOS FUCIÑOS

CAMIÑO PRIMITIVO: OVIEDO-SANTIAGO



Primeira etapa de formación do Camiño (século IX)

No século IX, segundo a lenda, atópase o sepulcro do Apóstolo Santiago, preto da igrexa de San Fiz de Solovio, a carón da actual Compostela. Isto acontece nos tempos do Rei Alfonso II "O Casto", que daquela tiña dominios en Asturias, León, Galiza e parte do norde de Portugal, sendo tamén señor da Francia Carlomagno.

Sobre o ano 814, foi cando se observaron (en Compostela), unhas misteriosas choivas de estrelas nun outeiro, onde o bispo de Iria Flavia (Padrón) Teodomiro, e outras personalidades, atoparon no lugar indicado, os corpos de Santiago Apóstolo e os seus discípulos.

O rei daquelas terras, polo entón Afonso II, comunicalle a nova ao Papa León XIII e a Carlomagno. O mesmo rei odenou construír a primeira basilica compostelá no 847. Como dixemos, Galiza pertencía ao Reino Asturiano e Oviedo

era o centro político e espiritual do noroeste peninsular.

O primeiro peregrín ilustre en viaxar a Compostela, e segundo os historiadores da época, foi o propio rei Alfonso II coa súa corte, máis o bispo de Iria Flavia, Teodomiro. Por iso, o primeiro Camiño a Santiago foi o "Camiño Primitivo" (ou tamén "Camiño de Oviedo"), que

desde Oviedo chegaba a Compostela a través de: Grado, Salas, La Espina, Tineo, Obona, Acebo (Asturias); A Fonsagrada, Castroverde, Lugo, O Burgo, Retorta, Negral, Augas Santas, Hospital das Seixas, Vilouriz, Vilamor, Ponte da Pedra, Compostela, Ribadulla e Melide (variante Martagona-Melide), en Galiza.

Finaliza o ano Xacobeo

635.000 peregrinos chegaron a Compostela

Redacción
Melide

O conselleiro de cultura Xesús Pérez Varela fixo xa o primeiro balance anual deste Xacobeo 2004.

6.200.000 elixiron visitar Galicia e arredor de 635.000 peregrinos chegaron ao quilómetro cero do premiado Camiño de Santiago, a maioría deles pasando por Melide.

O conselleiro, nun acto celebrado o pasado día 3 de decembro no Pavillón Multiusos do Sar (en Compostela), amosouse "orgullosa" do traballo realizado para ofrecer a ampla programación cultural que acompañou ás celebracións, e agradeceu especialmente a colaboración das corenta empresas patrocinadoras dos distintos espectáculos, que achegaron 24 millóns de euros ao Xacobeo.

Trala visita de estrelas internacionais do panorama musical a moitas cidades e vilas galegas, con citas multitudinarias como a dos "Concertos das Estrelas" do Monte do Gozo, o

Xacobeo péchase cunha programación máis sinxela, centrada nas exposicións xa instaladas ou que quedan por inaugurar, e en recitais e concertos de música clásica dedicados, sobre todo, ao Nadal.

Porén, haberá un espectáculo pirotécnico de luz e son o próximo día 17 en Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense. Nel desplegaránse dez toneladas de pólvora, 25.000 artificios e 350.000 vatios de son.

A música tampouco vai faltar para despedir este ano santo. Entre as citas máis importantes destaca o "Festribal, a festa da concordia", que reunirá no Pavillón Compostelán do Sar o próximo día 16 a artistas de países tan dispares como Arxelia, Angola, Irlanda e España.

Os amantes da música clásica, teñen unha cita importante o 22 de decembro na Catedral de Ourense. A Academia de Música Antiga de Londres e o Coro do Colexio Novo de Oxford interpretarán o "Mesías" de Haendel.

Os peregrinos falan do albergue de Melide en Internet

26.11.2004

"Estuve este verano con unas amigas, y nos trataron superbien, aunque no había camas y nos dieron colchonetas en una especie de salón. todos en el suelo, no había un alfiler pero estuvimos muy bien"

09.11.2004

"Llegamos sobre la una, encontramos un letrero en la mesa que decía 'me voy a comer, instlaros'. El albergue estaba lleno, mucha gente se tuvo que marchar sin hospedarse, luego resultó que la señora había dejado cerradas varias salas hasta que volviera de comer y los peregrinos que se marcharon no importan. Cuando se lo reprimamos se puso hecha una furia. No merece llevar un albergue tan espléndido como ese, non hicimos reclamación ante la Xunta porque se

negó a darnos folletos de reclamación. Peregrino, si llegas a Melide hazlo antes de una, la hospitalera tiene que alimentarse".

26.10.2004

"Más que mi opinión mando una queja de este albergue pues no se repetió lo que en todos los albergues, pues después de recorrer unos 30 km aproximadamente a pie (desde el albergue de Ventas de Narón) al llegar me encontré que se le había dado preferencia a gente que llegó en autobús, que según me contaron era personal militar (supuestamente, yo no lo vi). Espero que no vuelva a suceder. Saludos".

02.10.2004

"Estuve a finales de septiembre de 2004. El albergue es sencillamente nauseabundo. Sucio. Y lo peor son las duchas y los baños.

Las primeras son mixtas y no tienen ninguna mampara para que se vea a la gente. Cuando yo estuve intentamos llegar a un acuerdo para que las mujeres se ducharan primero y luego los hombres, pero un abuelillo insistió en ducharse con su mujer. Allí todos en pelota picada. Además, el agua salía ardiendo y no había forma de mezclarla, con lo que fue el único día de todo mi trayecto en que fue imposible ducharme. En cuanto a los cuartos de baño, huelen a orín y están muy descuidados. Las almohadas están negras de suciedad y los armaritos para meter las cosas no los limpian desde hace siglos".

25.09.2004

"Nosotros llegamos tarde después de hacer una etapa de 40 km y por supuesto no

había camas. Tuvimos que dormir en colchones duros como piedras y en el pasillo porque tampoco había habitaciones. Mucho ruido. Menos mal que muchos se van a las 5 de la mañana y a esa hora cogimos cama. Las duchas son mixtas y para colmo de males no había agua caliente. Uy, que digo para colmo de males,...si necesitas ir al médico está a unos kilómetros. No desesperes peregrino, que yo fui al médico, dormí en colchoneta y me lo pasé en grande. ¡Buen Camino!"

17.08.2004

"Hola. Estuve allí el día 11.08.04. Me parece lamentable el estado de conservación de ese albergue. Sucio y mal cuidado, la hospitalera era desagradable y antipática, las

duchas son mixtas y sin unas cortinas o mamparas para no ser visto por los demás. Sobre todo desagradable para las mujeres. Ruego a quien corresponda que lo cuiden un poco mejor. Nosotros aun cogiendo una cama nos fuimos a una pensión y como nosotros mucha gente".

17.07.2004

"Estuve allí el día cuatro de este mes y la verdad que el albergue está bien. Lo peor es la suciedad de los baños. El pueblo es precioso, no se puede ir uno sin comer el pulpo y lo que no es recomendable es esperar a llegar a este pueblo para ir al médico, ya que se encuentra a un kilómetro desde el albergue".

Telelixo

O CAN DE XAN

Ultimamente estamos oíndo falar moito do "telelixo" e do pouco aconsellable que esta é. Queixámonos de que, cando poñemos a televisión, en todas as canles poñen os mesmos formatos de programas; famosos que critican a fomosos e "grandes hermanos" que machacan ata á nai que os trouxo ao mundo.

Que alguén me explicque que interese ten que dúas rapazas que van a unha festa e lles pagan dez millóns das nosas pesetas e que despois estas vaian contando polas televisións que as enganaron. ¡Pois que carai!, por non dicir ¡que carallo!. Claro que sempre é mellor que o conten na televisión a que vaian a un xulgado a desgastar o noso sistema xudicial con estas gilipolleZes (permítanme que o escriba con Z).

O caso é que, na mesma televisión e nos xornais, din que o goberno vai tomar medidas contra todo esto. PERMITAN QUE ME RIA.¡ Que carallo vai facer

un goberno contra este tipo de televisión se aquí o que manda é a audiencia!.

E se a audiencia ve estas cousas, as televisións non van parar de ofrecernos máis programas deste tipo, pode con outro nome, outro formato, con máis morbo, máis chabacanería, cámaras ocultas...

Fáganme caso señoras e señores, vostedes son o público, vostedes merecen todo o respecto, vostedes teñen o mando, o mando da televisión. Só basta con cambiar de canle ou directamente apagar a televisión que eso lles jode aínda máis.

Actualmente, o único que merece a pena da televisión é a selección; coller un xornal e decidir que é o que vai ver, se o programa gusta; pode ser unha película, unha serie ou, sinxelamente, calquera programa informativo ou cultural, trañar a publicidade que metan no medio, facer ese esforzo e descubrir que hai anuncios que son auténticas obras de arte, un desgaste

de imaxinación que é o que nos fai falla na televisión. Porque precisamente a publicidade é a que financia a televisión; canta máis audiencia teña o programa, o prezo do espazo publicitario dese programa é maior porque o ve máis xente. Digamos que o mando a distancia, no caso da televisión, é o maior invento democrático.

Digamos que cada vez que seleccionamos un programa lle damos un voto. ¿Acaso cando vamos ás urnas votamos calquera cousa?. Pois no caso da televisión, a cousa é bastante seria. Con ela estanse criando os nosos fillos, aprenden un comportamento social.

En non só os nosos fillos. ¿Cantas veces vemos na televisión a familias destrozadas, porque a algún deles deulle a tolería de confesar diante de todo un país que sospeita que o seu pai non é o seu pai, e a este lle fan probar a máquina da verdade, de dudosa veracidade, coitados...

¡¡¡¡¡¡Nos temos o poder!!!!

Mundo Misterioso

ÁNGEL CURTIS

Con esta nova sección que leva por título "MUNDO MISTERIOSO", preténdese que o lector coñeza un pouco máis a fondo, todos aqueles temas denominados "ocultos". Por iso, a partir de hoxe, en cada número deste xornal, falaráse dun tema concreto: hipnosis, vudú, bruxas, ovnis, curandeirismo, mal de ollo, espiritismo, etc. Todo o "oculto", por fantástico que sexa, esperta un grande interese en todas as persoas, porque sempre hai unha presenza constante: a do espírito humano e a súa conciencia individual, xunto coa súa condición mortal.

Os astros suxírennos que os ceos interésanse polo destino de cada individuo. As formas de adivinación gardan gran correspondencia do home coa natureza. A crenza na reencarnación dá por suposta a inmortalidade do home. O espiritismo é unha protesta contra a morte. Que os obxectos voadores extraños poidan ser naves de outros mundos, parézalles a moitos normal. Por todo isto ¿non vale a pena cruzar o universo, para botar unha ollada ao home?.

A ciencia, a filosofía, a relixión e a máxia teñen buscado simultaneamente resposta aos interrogantes do porqué da posición do home no cosmos, ou a razón da súa corta estancia na terra. Na actualidade, para a maioría, o real é o que pode ser probado nun laboratorio, lido nun computador, ou derivado do cál-

culo matemático. Todos os fenómenos que non encaixan nas leis ou principios vixentes, son relegados ao plano do "oculto" ou anómalo.

Toda proba, incluso científica, é con frecuencia relativa. Teorías, un día sustentadas con toda clase de probas, téñense derrubado. Pola contra, hipóteses imposibles en aparencia, chegaron a ser dogmas.

A curiosidade sobre a outra vida, o interese polas formas inexplicables no ceo, ou o afán de saber os porqués e os como, é unha constante en toda a historia. O progreso debe moito á teima de grandes homes e mulleres, como Newton, Darwin, Eistein, etc., que perseguiron pensamentos en aparencia inexistentes, pero lonxe de infundirles temor o descoñecido, incitábaos a seguir adiante. Unha das posturas máis razoables ante o oculto, é a que suxería o matemático e astrónomo francés Pierre Simón de la Place, cando escribía: "Estamos tan lonxe de coñecer todas as forzas da natureza, e os seus diversos modos de actuar que sería indigno do filósofo negar os fenómenos, sinxelamente, porque sexan inexplicables no estadio actual do noso coñecemento".

Canto máis difícil nos resulte admitir a existencia dun fenómeno, maior é o coidado co que deberemos estudalo.

Espero que esta sección lles resulte do maior interese, ese é o meu desexo.



**Muebles
PAULA**

**EL CENTRO DEL MUEBLE
EN EL CENTRO DE GALICIA**

Teléfono: 981 50 57 59
Ctra. a Lugo, a 2 Km. de Melide
15800 MELIDE (A Coruña)

Restauración de antigüedades

Tableiros a medida

Carpintería en general

Armarios empotrados

**maderas
CANDELA**

Frisos Tarimas Parquets Puertas Colas Barnices

Tif: 981 50 52 86

Rúa Sabián, 103 15800 Melide (A Coruña)

**"PROFESOR"
ÁNGEL CURTIS**

**CONOCE TU FUTURO
"AYÚDATE"**

MEJORA TU VIDA

CONSULTA PREVIA CITA

TELF: 677 670 051

E-mail: angel.curtis@yahoo.com

www.angelcurtis.com

Teléfonos de interese

URXENCIAS	MELIDE
Urxencias Sanitarias.....061	Casa do Concello 981505003
Bombeiros.....080	981505089
Incencios Forestais.....085	Centro de Saúde
	Servizos Sociais 981505012
ORDE PÚBLICA	Casa da Cultura 981507100
Policia Municipal	Consevatorio 981507100
Urxencias.....092	Polideportivo 981507752
Melide.....981505003	Centro Social da 3ª Idade 981505706
Policia Nacional091	Parada de Taxis 981505390
Garda Civil	Albergue Xuvenil 981507412
Urxencias.....062	Albergue do Peregrino 660396822
Melide.....981505007	Centro Ocupacional 981505003
S.O.S	A.S.E.T.E.M 981506188
S.O.S Galicia.....112	Fundación Terra de Melide 981507244
Protec.Civil.....981228888	
TRANSPORTES	
Renfe	
Nacional.....902240202	
A Coruña	
Santiago	
Autobuses	
A Coruña.....981239099	
Santiago.....981542416	
Melide.....981505204	
Aeropostos	
A Coruña.....981187200	
Santiago.....981547500	
Vigo.....986268200	
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	
Atención ao cidadán 981120012	Centro de Saúde 981517803
Valedor do pobo 981571900	Agrochao.....981510749
Economía facenda 981545151	Visantofia.....981510749
Industria e Comercio 981544341	Xulgado de Paz 981 818501
Sevizo Galego Colocación 981125000	SOBRADO
Teléfono da Muller 900400273	Casa do Concello 981787508
Teléfono do Menor 900444222	Desenvolvemento local 981787508
Dirección Xeral de Tráfico 900125505	Centro de Saúde 981787744
Correos.....902197197	Mosteiro de Sobrado 981787509
Auga.....981242322	Xulgado de Paz 981787508
Electricidade.....981147200	TOQUES
Gas.....90076076	Casa do Concello 981505826
	Centro de Saúde 981507301
	Xulgado de Paz 981505826

Autobuses

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45	Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
Parada fronte á Cafetería Marta	Parada fronte á Pizzería Xoldra
A CORUÑA - MELIDE	MELIDE - LUGO
De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
De luns a venres: Non hai liña	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
Sábados: 19.15	Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30
Domingos e Festivos: 19.15	Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00
Parada fronte á Cafetería Marta	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
FERROL - MELIDE	Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 12.30
De luns a venres: Non hai liña	Domingos excepto último de mes: Saída de Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00
Sábados: 10.30	Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
Domingos e festivos: 10.30	MELIDE - OURENSE
MELIDE - OURENSE	De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	Parada fronte á Cafetería Marta
Parada fronte á Cafetería Marta	OURENSE - MELIDE
OURENSE - MELIDE	De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15	Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15	Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	<i>Horarios aproximados que poden variar no ano..</i>

Actos

2ª QUINCENA DE DECEMBRO
Concerto de panxoliñas: Coral Polifónica de Melide
DÍA 16
Representación da obra "A Vinganza de Don Mendo", Ás 17.30 no Centro Social de Melide
DÍA 17
Títeres "Cachirulo" coa representación da obra "Pinocho" no Pazo de Congressos e Exposicións de Melide
DÍA 18
Grupo de teatro "Ullán" ás 20.00 no Pazo de Congressos e Exposicións de Melide
DÍA 21
Sorteo dunha cesta de Nadal e baile no Centro Social
A PARTIR DO DÍA 23
Torneo deportivo para nenos/as
DÍA 24
Papa Noel percorre os establecementos da vila
DÍA 25
Concerto de Nadal da Orquestra Sinfónica de Melide ás 11.00 na igrexa parroquial.
Degustación de produtos típicos de nadal e baile no Centro Social
DÍA 29
Festa infantil e xuvenil no Pazo de Congressos e Exposicións de Melide de 16.00 a 20.00
DÍAS 2,3 E 4 DE XANEIRO
Recollida de cartas na capela de San Antón de 18.00 a 20.00
DIA 5 DE XANEIRO DE 2005
Cabalgata de Reis. Saída ás 19.00 desde o Cantón de San Roque. Recollida de cartas na igrexa parroquial de Melide



FABRICA DE COLCHONES Y MUEBLES

TRASPOME, S.L.

TRANSFORMACION DE GOMA-ESFUMA

Ctra. de Lugo, Km. 46 Tel.: 981 50 57 34
Madanela - MELIDE (A Coruña) Fax: 981 50 55 07



Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR

BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es



A.S.E.T.E.M.

Asociación de Empresarios Terra de Melide

Melisanto despide o ano das súas vodas de prata cun balance espectacular

Máis de trece millóns de euros de facturación, 630 socios, 35 traballadores fixos, e moitos postos de traballo indirectos xerados na comarca. Estas son as cifras que definen hoxe a Melisanto, pero non se parecen moito ás que a definían en 1979, cando as dificultades e a falta de medios para pór en marcha a cooperativa eran o pan de cada día dun grupo de emprendedores que querían dar resposta a unha necesidade latente na comarca de Melide.

Xuntáronse nun principio máis de 200 agricultores interesados en dar vida a unha cooperativa e puxeron 15.000 pesetas cada un para xuntar un capital social de 3 millóns de pesetas, que serviría para empezar a traballar.

Moi pronto, o novo proxecto empezou a funcionar, a medrar en socios e en facturación e a necesitar novos medios. O máis urgente, a fábrica de piensos. Esta constrúese en 1984, con moitas difi-

cultades para conseguir o crédito do banco e, incluso, coa expulsión dun grupo de 37 socios que se negaron a avalar solidariamente o préstamo, que ascendía a 27 millóns de pesetas.

A partir de aí, a cooperativa continúa a súa evolución e cada vez incorpora máis servizos: veterinaria, alimentación, substitución, formación, servizo de horta, etc.

Agora celebra os seus 25 anos de vida coas mellores cifras da súa historia e con moitos proxectos en marcha. Entre eles, o da construción dunha macro fábrica de piensos xunto con outras cooperativas de toda Galicia.

Ademais, dentro do proxecto EQUAL da UE, Melisanto vén de inaugurar o "telecentro", un lugar dotado de suficiente infraestrutura telemática para desenvolver todo tipo de actividades relacionadas coas novas tecnoloxías.

Redacción
Melide

Este xornal tivo a oportunidade de entrevistar a José Varela, presidente de Melisanto desde hai xa 22 anos. Lean, lean, que non ten desperdizo...

¿Como naceu a idea de montar unha cooperativa agraria en Melide e como foron eses primeiros pasos?

A cooperativa naceu por necesidade. Nesa época, as cooperativas que había ían moi mal, non había con qué traballar nelas, non se sabía nin producir. Aquí empezamos a querer andar un pouquiño, a querer salir un pouco daquela vaca rubia galega, daquel arado romano, e atopábase que non tiñas onde acudir para asesorarte para comprar unha máquina, nin para facer unha pradera, nin había abonos practicamente, nin sementes seleccionadas. Por iso había moita falta dunha cooperativa na comarca.

Entón empezamos a fálalo e reunimos unha cantidade de xente xa moi numerosa naquel momento, moi preto de 200 agricultores que estaban decididos a facer unha cooperativa. Despois a xente empezou a animarse, cada mes entraba un socio, dous, tres...o ritmo de crecemento era moi bo.

Un paso máis foi o da fábrica de piensos...

Si. Pero claro, a fábrica de piensos costaba naquel momento 30 millóns de pesetas. Falar daquela desa cantidade era terrible.



José Varela é o presidente de Melisanto desde 1982

Ao final conseguimos un crédito bancario, pero había que avalar solidariamente, cada socio a parte que lle correspondía. Aí foi cando se descompuxo a cousa. Un dicía que solidariamente, outro dicía que era mellor pór os cartos, que cada un os fora buscar ao banco pola súa conta. Pero chegou un momento en que varios socios nin unha cousa nin a outra. Nin puñan os cartos nin avalaban e, entón, tivemos que expulsalos da sociedade. Aquelo foi terrible. Hoxe a maior parte volveron entrar, pero naquel momento houbo que expulsalos.

Despois, déronnos o crédito, avalamos solidariamente, montamos a fábrica de piensos, púxose a funcionar, e aí está funcionando.

De todos os servizos que ofrece agora Melisanto,

¿cales son os máis demandados polos socios?

O máis importante para a gandeiría, para a produción de leite que é o número un nesta cooperativa, son os servizos veterinarios e a alimentación. Podemos ter unha vaca que produza 60 litros de leite diarios. Pero esa vaca é coma un coche deportivo, hai que sabela conducir, hai que saber o que necesita esa vaca, e aí é onde está a cooperativa.

Un dos obxectivos de Melisanto é mellorar a relación calidade-prezo dos produtos. ¿Como se consegue isto?

Estamos metidos nun gran proxecto, que é o da construción dunha macro-fábrica de piensos en conxunto con outras cooperativas. Esta resolverá todos os problemas que respectan ao penso e permitirá que siga

sendo barato e de calidade. O problema é que cando varía o prezo do leite ou do penso, quen o paga sempre é o podutor, o gandeiro, e temos que rematar con iso como sexa.

¿E cal é a maneira?

Agora estamos en Europa e vai haber un prezo único na Unión para o litro de leite. E despois, o gandeiro ten que organizarse, porque un gandeiro hoxe é unha empresa igual que outra calquera. Ten que facer os seus orzamentos a principio de ano par saber se máis ou menos vai gañar ou vai perder. O que pasa é que ata o de agora, o gandeiro sempre andaba "a lo loco", sen saber onde ía parar. Eso é o que estamos tentando evitar agora con tres bases:

Primeiro, vai haber unha macro-fábrica de penso que vai regular as materias pri-

mas, vai haber un prezo único en Europa e, por outro lado, o gandeiro espabilou e vai tratar de presionar á administración, como fan outros sectores, para garantir un prezo anual, ou cada dous anos, ou cada tres.

Existen outros servizos como o da substitución, co que os socios poden marchar de vacacións tranquilos...

Hoxe, gracias a Deus, o que prima é a calidade de vida, e por iso ofrecemos este servizo. Pero está claro que se tí tes 60 vacas na túa explotación non as vas deixar en mans de calquera. Por iso, as persoas que substitúen teñen que ser técnicos preparados, e iso costa diñeiro. Nós temos dous técnicos para facer ese servizo e está funcionando moi ben. Igual que o servizo de horta, destinado ás persoas retiradas, que deixaron de producir e que queren ter algo nas súas terras: un pequeno invernadoiro ou unha pequena horta, para produciren para eles e máis, ao mellor, para facer unhas pesetiñas para lle dar aos netos...Ademais, así teñen a finca limpa e nós comemos produtos naturais.

¿Que valoración fai vostede destes 25 anos de Melisanto?

Que hoxe é unha gran empresa, que pode vivir moita xente a conta dela. É unha empresa que está aí e que non é de Varela, nin do xerente. É unha empresa de todos. Melide creceu coa cooperativa e a cooperativa creceu con Melide.

Cerne

Terra de Melide

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 1. Decembro de 2004. Distribución gratuita.



SOC. COOP. LTDA. MELISANTO

Tfnos.: 981 50 60 26

981 50 61 78

Fax: 981 50 61 00

Apdo. 28

Agüeiros - Furelos

MELIDE (A Coruña)

e-mail: melisanto@corevia.com



Pazo Eidián

bodas

bautizos

comunións

cumpleaños

comidas de empresa

te gustará

En el lugar de Eidián, municipio de A golada (Pontevedra)

Teléfono.- 986 682 545 / Fax.- 600513 825